

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO  
DEPARTAMENTO DE  
LINGUA GALEGA E LITERATURA

Curso 2021/2022

IES Xermán Ancochea Quevedo.

## ÍNDICE

Introdución e contextualización.....	4
Datos xerais do departamento.....	5
Obxectivos curriculares de Educación Secundaria Obrigatoria.....	5
Competencias clave.....	7
Elementos transversais.....	11
Actividades complementarias e extraescolares.....	12
1º ESO.....	13
Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	13
Grao mínimo de consecución.....	29
Metodoloxía didáctica.....	32
Materiais e recursos didácticos.....	33
Temporalización dos contidos.....	34
Instrumentos e procedementos de avaliación.....	35
Probas de recuperación:.....	37
2º ESO.....	39
Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	39
Grao mínimo de consecución:.....	55
Metodoloxía didáctica.....	58
Materiais e recursos didácticos.....	59
Temporalización dos contidos.....	60
Instrumentos e procedementos de avaliación.....	61
Probas de recuperación:.....	63
3º de ESO.....	65
Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	65
Grao mínimo de consecución:.....	82
Metodoloxía didáctica.....	85
Materiais e recursos didácticos.....	86
Temporalización dos contidos.....	87
Instrumentos e procedementos de avaliación.....	88
Probas de recuperación:.....	90
4º de ESO.....	92
Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	92

Grao mínimo de consecución:.....	112
Metodoloxía didáctica.....	115
Materiais e recursos didácticos. ....	116
Temporalización dos contidos.....	117
Instrumentos e procedementos de avaliación.....	118
Probas de recuperación: .....	120
<b>BACHARELATO.....</b>	<b>122</b>
Introdución.....	122
Obxectivos.....	124
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. ....	125
<b>1º BACHARELATO .....</b>	<b>126</b>
Concreción dos obxectivos para 1º BAC .....	126
Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e o grao mínimo de consecución. ....	127
Metodoloxía didáctica.....	144
Materiais e recursos didácticos. ....	145
Proposta de temporalización das unidades.....	147
Instrumentos e procedementos de avaliación.....	148
Probas de recuperación: .....	150
<b>2º BACHARELATO.....</b>	<b>151</b>
Concreción dos obxectivos para 2º de Bacharelato. ....	151
Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de consecución. ....	152
Metodoloxía didáctica.....	171
Materiais e recursos didácticos. ....	171
Proposta de temporalización das unidades.....	172
Instrumentos e procedementos de avaliación.....	173
Recuperacións.....	175
<b>Procedementos e indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.</b>	<b>176</b>
<b>Consideracións finais sobre os libros de lectura.....</b>	<b>179</b>

## Introdución e contextualización.

### O IES Xermán Ancochea Quevedo.

A finalidade da Educación Secundaria Obrigatoria consiste en lograr que o alumnado adquira os elementos básicos de cultura nos ámbitos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver hábitos de estudo e de traballo; preparar o alumnado para a súa incorporación a estudos posteriores, así como para a inserción laboral, a inclusión social ou a cidadanía activa. Para conseguir isto a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, en distintos aspectos coa finalidade de seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas posibilidades.

O Decreto 86/ 2015, do 25 de xuño, establece o currículo para as ensinanzas da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Este decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias integradas nos elementos curriculares. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e na avaliación. Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se xuntan para alcanzar unha acción eficaz. Trátase de conseguir que o alumnado consiga “un saber facer” aplicables a contextos académicos, sociais e profesionais. Para cada unha das materias que constitúen o currículo, fíxanse os obxectivos, as competencias, os contidos, a metodoloxía, os estándares de aprendizaxe e os criterios de avaliación recollidas no Decreto 86/2015.

O IES Xermán Ancochea Quevedo está situado na localidade ourensá de Pobra de Trives, na provincia de Ourense. Na actualidade, o concello ten censadas arredor de 2.014 persoas. Desde o punto de vista socio-económico a vila basea a súa actividade no sector servizos, especialmente o turismo rural e o de montaña, e no sector primario, como a agricultura, a gandería, o comercio e a hostelería.

Desde o punto de vista sociolingüístico, a comarca de Trives presenta unha área maioritariamente galego-falante na que o noso idioma é a lingua habitual de comunicación en todos os contextos comunicativos. No tocante ao centro educativo, a gran maioría do alumnado ten como lingua inicial e habitual o galego malia que se poden percibir certos comportamentos diglósicos. Con todo, ben é certo que a presenza da lingua galega no centro está normalizada en todos os ámbitos e usos posibles polo que tanto o persoal docente coma non docente ten como lingua vehicular a galega.

O persoal docente está formado por 32 profesores, polo que a maioría dos departamentos son unipersoais. As ensinanzas que ofrece o centro son a Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato (Ciencias e Humanidades-Ciencias Sociais), e os cursos de Formación Profesional Básica de Instalacións Electricidade-Electrónica, a FP de grao medio de Instalacións Electrónicas e Automáticas e a FP de grao superior de Sistemas Electrotécnicos Automatizados. Así, durante o presente curso académico o centro conta con 146 persoas matriculadas repartidas do seguinte xeito:

1º ESO	15	4º ESO	19	FP Básica	4	1ºCS	13
2º ESO	15	1º BAC	10	1ºCM	8	2ºCS	17
3º ESO	20	2º BAC	9	2º CM	7		

### **Datos xerais do departamento.**

O departamento de Lingua Galega e Literatura é de carácter unipersoal durante o curso académico 2021-2022 polo que o profesor, Gonzalo García Fortes, asume a docencia da materia en todos os grupos da ESO e do Bacharelato, ademais de exercer as funcións de xefe de departamento e a coordinación das actividades de Dinamización Lingüística. Por outra banda, contamos co profesor de Música, Leonardo Rey, que ten asignado para o seu departamento o reforzo de Lingua Galega e Lingua Castelá polo que se van establecer os contactos oportunos para coordinar as diferentes accións pedagóxicas e didácticas.

Finalmente, queremos dicir que o noso departamento vai levar a cabo unha estreita coordinación co de Lingua Castelá e Literatura en aras de ofrecer unha formación integrada e non reiterativa. Para iso, vanse levar a cabo unha serie de acordos sobre os contidos curriculares que se van impartir en Secundaria e no Bacharelato. Estes acordos van ser especificados nas seguintes páxinas e nos cursos correspondentes.

### **Obxectivos curriculares de Educación Secundaria Obrigatoria.**

A educación secundaria obrigatoria contribuíra a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto as demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

### **Competencias clave.**

As competencias veñen definidas pola Unión Europea (Recomendación do Parlamento europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, 2006/962/CE) como “unha combinación de coñecementos, capacidades e actitudes adecuadas ao contexto. As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoais, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

A Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE) determinou a través do informe Definición e selección de competencias (1999, 2003) que unha competencia é “a capacidade de responder demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma adecuada” dado que “supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se movilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz”.

A introdución do concepto de “competencias clave para a aprendizaxe permanente” implica unha total renovación do proceso de ensino-aprendizaxe posto que o foco da educación se traslada desde a adquisición de contidos propia dun sistema de ensino tradicional até o “saber facer” promulgado polas competencias. O coñecemento como ben abstracto deixa de ter sentido se non conta cunha adecuada transferencia á práctica. Esta renovación pretende, ademais, potenciar entre a cidadanía o modelo educativo da aprendizaxe ao longo de toda a vida.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (Orde ECD/65/2015) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Decreto 86/2015) recoñecen as seguintes sete competencias:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

### **As competencias clave e a materia de Lingua Galega e Literatura**

A materia de Lingua Galega e Literatura favorece a posta en práctica das competencias clave e, por tanto, contribúe decisivamente ao seu desenvolvemento non só no que á competencia en comunicación lingüística se refire senón tamén en canto ás seis restantes. A seguir, presentamos unha breve xustificación de como a nosa materia contribúe a este proceso de adquisición:

#### **Competencia en comunicación lingüística.**

Resulta evidente que esta é a competencia á que máis e mellor pode contribuír a nosa materia. Por tanto, non cómpre incidirmos nos aspectos que poden ser postos en práctica a través de Lingua Galega e Literatura, mais si debemos sinalar que a plena competencia en

comunicación lingüística precisa tamén de destrezas que permitan que certos saberes das áreas de lingua actúen como vasos comunicantes que faciliten o proceso de aprendizaxe do alumnado e que proporcionen, á fin, un mellor aproveitamento de determinados conceptos e estruturas. Alén disto, hai que sinalar a relevancia do desenvolvemento da comprensión lectora. A lectura aparece integrada como habilidade básica desta competencia, mais tamén se lle recoñece o valor instrumental imprescindible para a consecución das restantes competencias e, en xeral, de calquera das actividades que garden relación non só coa educación senón tamén co desenvolvemento persoal.

- ⇒ Coñecementos sobre o compoñente lingüístico (léxico, gramática, semántica, fonoloxía, ortografía, etc.), sobre o componente pragmático-discursivo e sobre o compoñente sociocultural.
- ⇒ Desenvolvemento das estratexias de mellora da lectura e de comprensión lectora.
- ⇒ Promoción de elementos que faciliten a alfabetización múltiple.
- ⇒ Adquisición de valores como o respecto a normas de convivencia, o exercicio activo da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto aos dereitos humanos e ao pluralismo e a concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas en todos os ámbitos.
- ⇒ Curiosidade, interese e creatividade cara a aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes como a lectura, a conversa, a escritura etc. como fontes de pracer relacionadas co gozo persoal.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Tradicionalmente esta foi unha das competencias cuxo desenvolvemento resultou desbotado desde as materias da área lingüística dado que se lles presupuña a estas unha menor capacidade de actuación; porén, o desenvolvemento do razoamento e do pensamento lóxico e a súa aplicación a tarefas claramente integradas nos nosos plans curriculares – como, por exemplo, a análise sintáctica– requiren claramente do desenvolvemento destas destrezas.

- ⇒ Coñecementos sobre os números, a mellora das comprensión dos termos nos conceptos matemáticos, as representacións matemáticas como as gráficas
- ⇒ Habilidades como a emisión de xuízos fundados, o seguimento de cadeas argumentais, a análise de gráficos e doutras representacións matemáticas, o uso de datos e de procedementos científicos para a consecución dun obxectivo que inclúa a chegada a conclusións e a toma de decisións seguindo un razoamento dedutivo
- ⇒ O rigor, o respecto aos datos, a veracidade, a valoración do coñecemento científico etc.

### **Competencia dixital.**

A competencia dixital é un dos eixos do desenvolvemento competencial necesario para desenvolverse como cidadán e cidadá activo e integrado na sociedade actual. Desde a materia de Lingua Galega e Literatura, da mesma maneira que desde as outras áreas



lingüísticas, un dos puntos fortes do desenvolvemento desta competencia pasa por ofrecer ao alumnado destrezas de busca, de síntese e de análise de información, para alén do manexo competente de diferentes ferramentas e recursos informáticos.

- ⇒ Adquisición de coñecementos sobre linguaxes e códigos específicos así como seus procesos de decodificación e de transferencia; acceso a fontes de información e establecemento de parámetros adecuados de busca, selección e procesamento da información.
- ⇒ Interese por participar en traballos colaborativos, motivación e curiosidade pola aprendizaxe e tamén mellora do uso das tecnoloxías.

### **Competencia aprender a aprender.**

Aprender a aprender é unha das competencias con máis alto grao de transversalidade cuxa progresión nas destrezas que require garante a consecución dun obxectivo de alto nivel: o recoñecemento do alumno ou da alumna como aprendiz e a análise dos seus puntos fortes e das fraquezas que presenta no seu modo de abordar a nosa materia e as materias restantes. A adquisición de destrezas suficientes nesta competencia asegura a consecución duns mecanismos de aprendizaxe eficaces e aplicábeis a todas as esferas da vida cotiá.

- ⇒ Coñecementos sobre estratexias de resumo, análise e síntese que permiten o deseño de estratexias de aprendizaxe que permiten unha abordaxe eficaz de diferentes campos e saberes.
- ⇒ Desenvolvemento de estratexias de planificación, supervisión e avaliación das tarefas levadas a cabo.
- ⇒ Potenciar a motivación e a confianza.

### **Competencia social e cívica.**

Trátase dunha das competencias máis intrinsecamente relacionadas co currículo de Lingua Galega e Literatura, xa que a integración neste dos bloques de Lingua e sociedade e de Coñecemento literario fan que a explicación dun e doutro ámbito beban directamente das fontes da interpretación e de análise da sociedade en que se insiren. Alén dos coñecementos directamente vinculados coa historia de Galiza, o tratamento desta competencia desde a nosa materia tamén debe ter con conta o desenvolvemento de actitudes cívicas claramente apreciábeis no decorrer diario das aulas e no desenvolvemento de actividades como, por exemplo, os debates.

- ⇒ Adquisición de coñecementos relativos á vida segundo os parámetros dunha determinada sociedade; percepción das identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante; coñecemento dos acontecementos contemporáneos e dos principais acontecementos históricos a nivel tanto local como mundial; comprensión dos fenómenos migratorios.
- ⇒ Desenvolvemento das destrezas necesarias para comunicarse de forma eficaz en calquera ámbito social ou persoal: o a capacidade de negociación, a realización de intervencións en público adecuadas ou a reflexión crítica e creativa.
- ⇒ Potenciación de actitudes como a autoconfianza, a integridade, o interese pola comunicación intercultural, a tolerancia, a disposición a superar preconceitos, o sentido da responsabilidade e a reflexión acerca das mensaxes transmitidas polos medios de comunicación.

### **Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

Na sociedade actual resulta imprescindible formar persoas que dispoñan das ferramentas necesarias para se integraren nela como axentes activos e participativos, con capacidade para tomaren as súas propias decisións. Ademais do factor directamente relacionado co desenvolvemento económico e empresarial, o tratamento desta competencia na nosa materia favorece o desenvolvemento da conciencia da avaliación de riscos e da toma de decisións e a capacidade de se comunicar de forma eficaz en calquera ámbito.

- ⇒ Adquisición e mellora de destrezas como a capacidade de análise e de planificación, a organización e a toma de decisións, a capacidade de adaptación ao cambio e a resolución de problemas, a adquisición de destrezas de comunicación e negociación efectivas, a habilidade para traballar individualmente ou dentro dun equipo, o desenvolvemento do pensamento crítico.
- ⇒ Valores como a potenciación da creatividade e das solucións imaxinativas, a autoestima, a autonomía e o esforzo, a motivación á hora de cumprir uns obxectivos sexan estes persoais, académicos ou laborais.

### **Competencia en conciencia e expresións culturais.**

Finalmente, a competencia en conciencia e expresións culturais, ao igual que acontece coa competencias sociais e cívicas, mantén unha relación máis estreita da nosa materia co currículo. O achegamento ao feito literario, o estudo de etapas e períodos artísticos tanto propios como vinculante coa historia europea constitúen unha parte importante da nosa materia.

Alén do coñecemento sobre os xéneros literarios, os seus códigos estéticos e o seu desenvolvemento histórico, esta competencia tamén se practica mediante a creación de textos de intención literaria.

- ⇒ Adquisición de coñecementos de historia da cultura desde diferentes disciplinas artísticas incluída a literatura, o coñecemento de autores/as, obras e estilos representativos incluíndo o coñecemento de autores/as actuais, a identificación das relacións entre as manifestacións artísticas e as sociedades en que se insiren, os coñecementos sobre a evolución das ideas estéticas e dos gustos e convencións.
- ⇒ Potenciación da imaxinación e desenvolvemento do pensamento creativo, traballo en equipo, iniciativa.
- ⇒ Actitudes como a valoración da liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural, o respecto polas diferentes manifestacións culturais e artísticas e o interese por participar da vida cultural da comunidade.

### Elementos transversais.

Segundo o establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia os elementos transversais que deben traballarse a través de todas as materias son os seguintes:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da información e da comunicación.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

Alén disto, tamén son considerados elementos transversais a ter en conta tanto nas programacións docentes como no desenvolvemento das aulas os seguintes valores e conceptos:

<b>Igualdade e respecto</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Igualdade efectiva entre homes e mulleres.</li><li>- Prevención da violencia de xénero.</li><li>- Prevención da violencia contra persoas con discapacidade.</li><li>- Igualdade de trato e non discriminación.</li><li>- Prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.</li><li>- Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos nos ámbitos persoal, familiar e social</li><li>- Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, o respecto ás persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.</li><li>- Evitar comportamentos e de contidos sexistas</li><li>- Evitar os estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual</li></ul>
<b>Emprendemento</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Fomento das participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa e o traballo en equipo, a confianza individual e o sentido crítico.</li></ul>
<b>Educación viaria</b>	<p>Promoción de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico con fin de divulgar entre o alumnado dos seus dereitos e deberes como usuarios e usuarias as das vías como peóns, viaxeiros/as e condutores/as, o respecto polas normas e os sinais para así favorecer a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía de modo que se tenda a evitar accidentes de tráfico e as súas secuelas.</p>

### **Actividades complementarias e extraescolares.**

Ademais da participación nas actividades extraescolares que organice o centro, revista, grupo de teatro, viaxes, conmemoracións e outras semellantes, contémpase a realización de actividades do tipo:

- ❖ Asistencia a representacións teatrais, contacontos, roteiros literarios, proxeccións de cine, exposicións e concertos.
- ❖ Programación de conferencias e charlas con algún escritor ou escritora.
- ❖ Asistencia e programación doutras actividades que fomenten o coñecemento e uso da lingua e da cultura galegas.
- ❖ Realización de obradoiros de poesía, escritura creativa ou de banda deseñada.
- ❖ Participación no club de lectura.

Cómpre sinalar que as actividades complementarias e extraescolares ao longo deste curso realizaranse sempre dependendo das indicacións determinadas pola situación epidemiolóxica e polo que as autoridades sanitarias determinen.

## 1º ESO

### Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de calquera texto oral ou daqueles propios dos medios de comunicación, especialmente noticias de actualidade, próximas aos intereses do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais (noticias de actualidade) e elaborar un resumo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.1.1. Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Comprensión e interpretación de textos orais utilizados no ámbito social e educativo (instrucións, presentacións de tarefas e breves exposicións orais de temáticas variadas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Extraer a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais sinxelos dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas guiadas de aprendizaxe con progresiva autonomía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.2.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa con actitude de interese, de cooperación e de respecto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Coñecer e apreciar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado da linguaxe non verbal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. escoita crítica e reflexiva das mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas informativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Identificar e contrastar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e identificar prexuízos ou mensaxes discriminatorias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.4.3. Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Coñecemento e aplicación, con axuda das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), de estratexias necesarias para producir textos orais sobre temas de actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, as estratexias necesarias para realizar exposicións orais planificadas e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.5.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.6.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> <li>g</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.7.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.7.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>c</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.8. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo (pedir aclaracións, intercambiar opinións e expor conclusións).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo (pedimento de aclaracións, intercambio de opinións e exposición de conclusións).</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao auditorio con autoconfianza e seguridade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.9.3. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.9.4. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.9.5. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>



Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Aplicación de técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Aplicar técnicas de análise do contido e estratexias de lectura comprensiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.1.2. Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.1.3. Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.1.5. Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.1.6. Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCA</li> <li>CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.1.7. Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> <li>e</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil, normas e instrucións de uso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Comprender, interpretar e sintetizar textos da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado: mensaxes electrónicas ou de móbil e normas e instrucións de uso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> <li>e</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Comprensión, interpretación e síntese de textos dos medios de comunicación, fundamentalmente textos narrativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Comprender, interpretar e sintetizar escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> <li>e</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo, especialmente, descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Comprender, interpretar e sintetizar escritos do ámbito educativo do alumnado, especialmente, textos descritivos, narrativos e expositivos sobre as distintas materias curriculares: webs educativas, e información de dicionarios e enciclopedias en distintos soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.4.2. Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Utilización guiada da biblioteca e das TIC para obter información e consultar modelos de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. Utilizar de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ h	composición escrita.	composición escrita.	composición escrita.	▪ CD
▪ c ▪ d ▪ h	▪ B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmitan prexuízos ou usos lingüísticos discriminatorios, especialmente, os que aparecen nos medios de comunicación.	▪ B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexionar sobre os usos lingüísticos discriminatorios.	▪ LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.  ▪ LGB2.6.2. Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.	▪ CCL ▪ CSC  ▪ CCL ▪ CSC
▪ h ▪ ñ	▪ B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.	▪ B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.	▪ LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.  ▪ LGB2.7.2. Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.  ▪ LGB2.7.3. Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.	▪ CCL  ▪ CCL  ▪ CCL ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ h	▪ B2.8. Planificación e revisión do escrito, de forma guiada, para producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	▪ B2.8. Planificar, producir e revisar o escrito co fin de producir textos adecuados, coherentes, cohesionados e correctos gramaticalmente.	▪ LGB2.8.1. Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.  ▪ LG2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.	▪ CCL  ▪ CCL

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos sinxelos propios da vida cotiá e das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.10. Produción, a partir dun modelo, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.10. Producir, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre as tarefas e aprendizaxes realizadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12. Producir textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.12.1. Produce textos de distintos xéneros: descrições, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13. Uso, con progresiva autonomía, das TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) na planificación, revisión e presentación dos escritos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13. Usar, con progresiva autonomía, as TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) para planificar, revisar e mellorar a presentación dos escritos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.13.1. Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.13.2. Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar a ortografía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.14. Autoavaliación da aprendizaxe da lingua cunha actitude activa e de confianza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.14. Avaliar o seu proceso de aprendizaxe cunha actitude activa e de confianza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
Bloque 3. Funcionamento da lingua				

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ n</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico, especialmente sobre clases de palabras e normativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta en calquera soporte, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e a normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.4.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais básicas (substantivo, adxectivo cualificativo, verbo, adverbio, etc.) así como a diferenza entre palabras flexivas e non flexivas para a creación e comprensión de textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Recoñecer e explicar o uso das distintas categorías gramaticais, utilizar este coñecemento para distinguir erros e diferenciar as flexivas das non flexivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Recoñecemento, uso e reflexión dos mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Recoñecer, usar e reflexionar sobre os mecanismos da cohesión textual como a deíxe persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.7.1. Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Recoñecer, usar e explicar os conectores textuais máis comúns (sobre todo os temporais e os explicativos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.8.1. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.9. Coñecemento das regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.9. Coñecer as regras de concordancia e das funcións sintácticas principais no seo da oración para elaborar enunciados cun estilo cohesionado e correcto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.9.2. Identificar as funcións sintácticas no seo da oración.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. Recoñecemento das modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. Recoñecer as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.10.1. Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.11. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.11. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
Bloque 4. Lingua e sociedade				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.</li> <li>▪ B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.</li> <li>▪ B4.3. A lusofonía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, valorar positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>



Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Análise da situación sociolingüística, a partir do contexto familiar do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos contextos familiares do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.2.2. Coñece e valora os antropónimos galegos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Coñecer a situación sociolingüística e legal das linguas de España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. Prexuízos lingüísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades diatópicas do galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Recoñecer e apreciar as variantes diatópicas do galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.6.1. Aprecia as variantes diatópicas do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.6.2. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.6.3. Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
Bloque 5. Educación literaria				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Lectura, con regularidade e de maneira guiada, de obras literarias para desenvolver o criterio lector; exposición da opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e asimilación dos trazos estéticos xerais que definen cada texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Ler, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, procurando assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comparación de textos literarios e non literarios e diferenciación de textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Comparar textos literarios e non literarios e diferenciar textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.2.1. Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Lectura expresiva e comprensiva, audicións de poemas recitados ou cantados, determinación da temática ou temáticas abordadas e descrición dos valores estilísticos dos textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións de poemas recitados ou cantados, sinalar a temática ou temáticas abordadas e describir os valores estilísticos dos textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e recoñecemento da funcionalidade dos elementos formais básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñecer a funcionalidade dos elementos formais básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.4.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e apreciación dos seus compoñentes e procedementos máis relevantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e apreciar os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.5.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Produción de textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Escribir textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos do cómic e a canción como linguaxes artísticas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.7.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.7.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.7.3. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.7.4. Identifica e describe, nunha canción</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			dada, os seus principais trazos definatorios.	▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Familiarización, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Familiarizarse, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.8.1. Familiarizase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>

**En relación ás accións de coordinación didáctica do departamento de Lingua Castelá e Literatura, para o primeiro curso de Educación Secundaria, cada departamento impartirá todos os contidos correspondentes ao seu currículo.**

## **Grao mínimo de consecución.**

### **Bloque 1 (B1). Comunicación oral. escoitar e falar.**

LGB1.1.2. Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.

LGB1.3.1. Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).

LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e as secundarias de programas informativos.

LGB1.5.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.

LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solución para melloralas.

LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).

LG1B1.9.2. Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.

LGB1.9.6. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.

LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.

### **Bloque 2 (B2). Comunicación escrita. Ler e escribir.**

LGB2.1.1. Utiliza técnicas de análise e síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.

LGB2.1.4. Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.

LGB2.2.1. Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.

LGB2.3.1. Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.

LGB2.4.1. Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.

LGB2.5.1. Usa de forma guiada as bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.

LGB2.6.1. Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.

LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.

LGB2.8.2. Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo o requira a situación comunicativa.

LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.

LGB2.8.4. Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).

LGB2.8.5. Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

LGB2.9.1. Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.

LGB2.10.1. Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.

LGB2.10.2. Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.

LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.

LGB2.14.1. Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.

LGB2.14.2. Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.

### **Bloque 3 (B3). Funcionamento da lingua.**

LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.

LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.

LGB3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

LGB3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.

LGB3.6.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.

LGB3.9.1. Producir textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.

LGB3.11.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.

### **Bloque 4 (B4). Lingua e sociedade**

LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico.

LGB4.1.2. Coñece as linguas que se falan en Galicia.

LGB4.1.4. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.

LGB4.3.1. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.

LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.

LGB4.6.2. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.

### **Bloque 5 (B5). Educación literaria.**

LGLB5.1.1. Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.

LGLB5.2.2. Diferencia textos dos tres grandes xéneros a partir dos seus trazos característicos máis xerais.

LGLB5.6.1. Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

LGB5.7.2. Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios.

LGLB5.8.1. Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura de información básica e a resolución de dúbidas de traballo.

### **Metodoloxía didáctica.**

Neste curso 2020/2021, dada a situación especial de pandemia por coronavirus, debemos ter en conta os diferentes escenarios cos que nos poderemos atopar, por esta razón, a continuación explícase a metodoloxía específica que se seguirá en cada un dos posibles casos:

#### **Modo presencial:**

Procurarase en todo momento que as actividades resulten variadas en tipoloxías e gradadas en dificultade, de modo que enfrontarse con elas sexa unha forma de asentar conceptos e supoña un reto real para o alumnado. Alén disto, intentarase integrar na maioría das unidades actividades que obriguen ao manexo de diferentes ferramentas TIC, á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais, á utilización do dicionario, á creación literaria, á resolución de problemas, á investigación, á exposición oral, ao desenvolvemento de proxectos etc. Por outra parte, consideramos que o traballo individual é preciso en certas actividades que serven para asentar coñecementos moi concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autocoñecemento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais somos conscientes da demanda da sociedade actual de cidadáns e cidadás e profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que se procurarán, na medida do posible, actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo.

No desenvolvemento das tarefas empregaremos diversas estratexias metodolóxicas:

- ✓ Repaso de contidos xa vistos no curso anterior.
- ✓ Actividades que permitan anticipar as ideas previas que o alumnado ten en torno aos distintos contidos.
- ✓ Fincapé nos hábitos de traballo: reponder as actividades do libro; utilización do dicionario, facer cadros, resumos, esquemas...
- ✓ Exposición do profesorado utilizando diferentes soportes, explicando aqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- ✓ Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos, ampliar información do libro, etc.
- ✓ Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- ✓ Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.

#### **Modo semipresencial:**

Se neste curso se produce un modo de estudo semipresencial, a metodoloxía utilizada cando o alumnado acuda ás clases será igual que no modo presencial, dándolle prioridade á explicación dos diferentes contidos, á resolución de dúbidas e á corrección de exercicios.



Desta forma, as sesións non presenciais serán fundamentalmente para a realización de actividades relacionadas cos contidos vistos na clase.

#### **Modo non presencial:**

Se neste curso se produce un modo de estudo non presencial, tanto dun alumno como de varios, a comunicación será a través do correo @iesxermanancochea.net, ou plataformas como a aula virtual, informando ao alumnado do medio a utilizar nos primeiros días de permanencia nas casas, así como ás súas familias a través do espazo Abalar. Cada semana mandaráselles unha tarefa, para facer ao longo da semana, que será tida en conta para a avaliación do alumnado. Esa tarefa será revisada polo profesor e as correccións ou aclaracións serán enviadas ao alumno/a, así como a resolución de posibles dúbidas. As tarefas estarán baseadas nos contidos e estándares de aprendizaxes mínimos que se consideran imprescindibles no proceso formativo do alumnado. Ademais, enviaráselles vídeos explicativos realizados polo profesor ou enlaces a páxinas web que recollan actividades, explicacións, simulacións, vídeos, etc. que lles sirvan para a adquisición deses estándares de aprendizaxe.

#### **Materiais e recursos didácticos**

En 1º de ESO empregaremos o libro de texto *Lingua galega e literatura 1* de Baía Edicións así como outros materiais de apoio como o libro virtual, recursos fotocopiáveis, materiais de avaliación, apuntamentos do docente e recursos informáticos básicos para o estudo da materia como dicionarios electrónicos (portaldaspalabras.gal e similares) e outras fontes de consulta.

### **Temporalización dos contidos.**

Malia que se vai empregar o libro de texto como material didáctico de cabeceira, a temporalización dos contidos farase tendo en conta o *Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*. Deste xeito, a temporalización que presentamos é a seguinte:

#### **1ª AVALIACIÓN**

B1: Os estándares relacionados coa comunicación oral traballaranse ao longo de todo o curso.

B2: O texto narrativo e descritivo. O resumo.

B3: As clases de palabras. Léxico temático. Interferencias co castelán.

B4: Os dereitos lingüísticos individuais. Lexislación. Os prexuízos lingüísticos.

B5: O xénero narrativo. Características e elementos fundamentais. A banda deseñada.

#### **2ª AVALIACIÓN.**

B1: IDEM

B2: O texto expositivo. A noticia.

B3: As propiedades do texto: a cohesión e os conectores textuais. A puntuación.

B4: A variedade diatópica. Trazos dialectais característicos.

B5: O xénero dramático: características e elementos fundamentais.

#### **3ª AVALIACIÓN.**

B1: IDEM

B2: Textos propios das relacións sociais: notas, cartas, correos, etc.

B3: Tipos de enunciados. Léxico temático.

B4: As linguas que se falan en Galicia. A lusofonía.

B5: O xénero poético: características e elementos fundamentais. A canción.

Dada esta temporalización, vanse realizar dúas probas escritas en cada avaliación, que terán como núcleo fundamental os contidos impartidos ata a data das probas. Con todo, a distribución dos contidos por trimestre non debe ser rixida e fica sometida a calquera modificación que for preciso realizar, sempre tendo en conta o ritmo de aprendizaxe do alumnado e a atención á diversidade.

### **Instrumentos e procedementos de avaliación.**

Dada a situación excepcional de pandemia na que nos encontramos, hai que contemplar tres posibles escenarios: presencial, semipresencial e non presencial:

#### **Modo presencial:**

A avaliación será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe. Realizaranse 3 avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, segundo o calendario fixado pola Xefatura de estudos.

Para que a avaliación sexa realmente efectiva é conveniente contar con variados instrumentos de avaliación, combinando as probas colectivas escritas (con diferente gradación de dificultade e tratando os contidos especificados) coa observación sistemática, o control das actividades habituais, as exposicións orais e a lectura dos libros propostos.

Os criterios de avaliación obteranse de acordo coa suma das puntuacións parciais dos seguintes apartados:

A. Probas escritas	40%	
B. Comunicación oral	20%	Exposicións orais, gravacións, etc. (escalas de observación).
C. Libro de lectura	10%	Probas escritas ou actividades de natureza diversa.
D. Traballo diario e uso da lingua galega.	30%	Realización das actividades propostas, traballos, presentacións, implicación xeral coa materia.

#### **A. Probas escritas.**

Ao longo de cada trimestre realizaranse dúas probas escritas que recollerán preguntas nas que o alumnado terá que demostrar que sabe e que sabe facer. Estas estarán sempre vinculadas cos criterios de avaliación, concretizados nos estándares de aprendizaxe que se establecen para cada criterio. Estas probas recollerán os contidos dun máximo de dúas unidades; pero si menos. As preguntas das probas levarán todas, ao seu carón, a puntuación. Esta poderase ver mermada polas faltas de ortografía. De feito descontarase 0,02 por erros como:

- ❖ Uso inadecuado de maiúsculas e minúsculas.
- ❖ Confusións entre b, v, h, s, x.
- ❖ Erros de acentuación.
- ❖ Reescribir mal palabras que aparecen nos enunciados.

Por erros máis graves descontarase 0,04. Os casos son:

- ❖ Emprego de grafías alleas ó galego como y ou j.
- ❖ Uso de tempos verbais compostos.
- ❖ Non diferenciación entre parellas de palabras afectadas pola acentuación diacrítica.
- ❖ Colocación do pronome átono ó comezo de oración.

## **B. Comunicación oral.**

Realizarase unha proba oral por avaliación, de xeito individual ou por parellas, na que o alumnado deberá demostrar que domina a fonética da lingua galega, a corrección gramatical e léxica e que emprega correctamente os recursos da linguaxe xestual. A súa avaliación realizarase mediante rúbrica na que se terán especialmente en conta os seguintes aspectos:

- ❖ Organización do discurso.
- ❖ Coherencia e cohesión.
- ❖ Corrección fonética e morfosintáctica.
- ❖ Léxico sen castelanismos.
- ❖ Entoación, volume e interacción co resto do grupo.
- ❖ Orixinalidade e creatividade.
- ❖ Uso das TICs

## **C. Libro de lectura.**

Cada trimestre o docente determinará unha lectura obrigatoria, sempre adaptada ao seu nivel, da que terán que demostrar a súa lectura a través dunha proba escrita ou de diferentes actividades relacionados co libro proposto. No caso da proba escrita, teranse en conta os seguintes aspectos:

- ❖ Contido: as respostas deben contestar de forma clara ao que se pregunta, sen lagoas nin respostas incompletas.
- ❖ Expresión: valoraranse as contestacións que respecten a adecuación, coherencia e cohesión.
- ❖ Ortografía: esta debe seguir as normas ortográficas vixentes. De non ser así aplicaranse os mesmos criterios sancionadores que para as probas escritas das unidades.

A lectura obrigatoria para a primeira avaliación de 1º ESO é *O talismán dos druídas*, de Pepe Carballude.

## **D. Traballo diario e uso da lingua galega.**

Ao longo de todo o curso levarase a cabo unha valoración cualitativa do proceso individual, do traballo diario e da actitude ante o uso oral da lingua. Faremos unha observación directa e diaria e valoraremos positivamente:

- ❖ Seguimento das instrucións dadas polos docentes.
- ❖ Presentación diaria e correcta do caderno de aula.
- ❖ Conservación das fichas que se repartan e que sirvan de apoio e reforzo á aprendizaxe.
- ❖ A corrección dos exercicios e actividades.
- ❖ Aproveitamento diario da clase.
- ❖ A realización de tarefas, no caso de seren marcados.
- ❖ A realización e presentación de calquera traballo ou actividade en tempo e forma.
- ❖ A autonomía e a iniciativa persoal á hora de realizar unha actividade, resolver dúbidas (diccionario, consultas en internet ou en medios bibliográficos).
- ❖ A utilización do galego nas manifestacións espontáneas e de carácter académico.

- ❖ O esforzo por mellorar a pronuncia e ir adquirindo novo vocabulario.
- ❖ O rexeitamento de prexuízos.
- ❖ Respectar o turno de palabra.
- ❖ Ser respectuoso coas opinións e comentarios dos ou das compañeiras.

Con carácter xeral, no caso de que se descubra un alumno ou alumna copiando nalgunha proba ou se detecten plaxios deliberados nos traballos, anularáselle a parte implicada ou a totalidade do exercicio, segundo se considere oportuno, que pasará a computar como un cero para os efectos da avaliación trimestral.

A nota de cada avaliación calcularase sumando as notas de cada un dos instrumentos anteriores debidamente ponderados. Para obter unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos ou superior ou no seu defecto redondearase cara a seguinte unidade cando o alumnado obteña unha nota decimal de 0.5 ou superior. A cualificación da **avaliación final** obterase mediante o cálculo da media aritmética das tres avaliacións, sempre que estean todas aprobadas.

#### **Probas de recuperación:**

Cando se teña unha avaliación suspensa, os discentes poderán aprobar directamente na final sempre que a media das tres avaliacións supere os 5 puntos; se a media non chega para aprobar directamente ou cando teña suspensas dúas avaliacións deberá realizar un ou dous exames de recuperación, respectivamente, sobre os contidos correspondentes. Recuperaranse só os instrumentos suspensos conservándose o resto das notas.

Pola contra, o alumnado que non superase ningunha das tres avaliacións deberá presentarse ao exame da **convocatoria de xullo**, que incluírá preguntas que teñan como referencia os criterios de avaliación e as súas concrecións nos estándares de aprendizaxe do seu nivel. A nota que figurará no boletín procederá exclusivamente dun exame escrito que conteña preguntas por un valor total de 10 puntos. Cada unha levará ao seu carón a puntuación que lle corresponde. Para aprobar a materia nesta convocatoria é necesario ter como mínimo 5 puntos no dito exame.

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	formais.		<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>h</li> <li>l</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>h</li> <li>l</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias filmicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> </ul>

## **Grao mínimo de consecución:**

### **Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.**

LGB1.1.2-Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.

LGB1.3.1-Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).

LGB1.4.1-Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.

LGB1.5.1-Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.

LGB1.6.1 -Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

LGB1.6.2 -Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).

LGB1.7.2 -Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.

LGB1.9.2 -Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.

LGB1.9.5-Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.

LGB1.10.1-Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.

### **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir**

LGB2.1.1-Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas.

LGB2.1.2-Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.

LGB2.1.5-Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet.

LGB2.2.1 -Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.

LGB2.2.2 -Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.

LGB2.3.1 -Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias).

LGB2.4.1 -Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.

LGB2.5.3 -Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo.

LGB2.6.1 -Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios.

LGB2.7.1 -Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.

LGB2.8.2 -Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo.

LGB2.8.3 -Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores).

LGB2.8.4 -Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas)

LGB2.8.5 -Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas.

LGB2.9.1 -Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.

LGB2.10.1 -Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias).

LGB2.12.1 -Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.

### **Bloque 3. Funcionamento da lingua**

LGB3.1.1-Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.

LGB3.2.1-Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.

LGB3.4.1-Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas.

LGB3.5.1-Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.

LGB3.6.1-Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.

LGB3.7.1-Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.

LGB3.10.1-Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.

### **Bloque 4. Lingua e sociedade**

LGB4.1.1-Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de



sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos.

LGB4.1.3 -Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.

LGB4.1.5 -Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran.

LGB4.1.6 -Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía.

LGB4.3.2 -Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.

LGB4.5.1 -Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.

LGB4.6.4-Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.

## **Bloque 5. Educación literaria**

LGB5.1.1-Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos.

LGB5.1.2-Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.

LGB5.6.1-Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

LGB5.7.1-Crea textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

LGB5.8.2-Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas.

LGB5.9.1-Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

### **Metodoloxía didáctica.**

Neste curso 2021/2022, dada a situación especial de pandemia por coronavirus, debemos ter en conta os diferentes escenarios cos que nos poderemos atopar, por esta razón, a continuación explícase a metodoloxía específica que se seguirá en cada un dos posibles casos:

#### **Modo presencial:**

Procurarase en todo momento que as actividades resulten variadas en tipoloxías e gradadas en dificultade, de modo que enfrontarse con elas sexa unha forma de asentar conceptos e supoña un reto real para o alumnado. Alén disto, intentarase integrar na maioría das unidades actividades que obriguen ao manexo de diferentes ferramentas TIC, á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais, á utilización do dicionario, á creación literaria, á resolución de problemas, á investigación, á exposición oral, ao desenvolvemento de proxectos etc. Por outra parte, consideramos que o traballo individual é preciso en certas actividades que serven para asentar coñecementos moi concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autoconhecimento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais somos conscientes da demanda da sociedade actual de cidadáns e cidadás e profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que se procurarán, na medida do posible, actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo.

No desenvolvemento das tarefas empregaremos diversas estratexias metodolóxicas:

- ✓ Repaso de contidos xa vistos no curso anterior.
- ✓ Actividades que permitan anticipar as ideas previas que o alumnado ten en torno aos distintos contidos.
- ✓ Fincapé nos hábitos de traballo: reponder as actividades do libro; utilización do dicionario, facer cadros, resumos, esquemas...
- ✓ Exposición do profesorado utilizando diferentes soportes, explicando aqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- ✓ Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos, ampliar información do libro, etc.
- ✓ Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- ✓ Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.

#### **Modo semipresencial:**

Se neste curso se produce un modo de estudo semipresencial, a metodoloxía utilizada cando o alumnado acuda ás clases será igual que no modo presencial, dándolle prioridade á explicación dos diferentes contidos, á resolución de dúbidas e á corrección de exercicios. Desta forma, as sesións non presenciais serán fundamentalmente para a realización de actividades relacionadas cos contidos vistos na clase.

#### **Modo non presencial:**

Se neste curso se produce un modo de estudo non presencial, tanto dun alumno como de varios, a comunicación será a través do correo @iesxermanancochea.net, ou plataformas

como a aula virtual, informando ao alumnado do medio a utilizar nos primeiros días de permanencia nas casas, así como ás súas familias a través do espazo Abalar.

Cada semana mandaráselles unha tarefa, para facer ao longo da semana, que será tida en conta para a avaliación do alumnado. Esa tarefa será revisada polo profesor e as correccións ou aclaracións serán enviadas ao alumnado, así como a resolución de posibles dúbidas. As tarefas estarán baseadas nos contidos e estándares de aprendizaxes mínimos que se consideran imprescindibles no proceso formativo do alumnado. Ademais, enviaráselles vídeos explicativos realizados polo profesor ou enlaces a páxinas web que recollan actividades, explicacións, simulacións, vídeos, etc. que lles sirvan para a adquisición deses estándares de aprendizaxe.

### **Materiais e recursos didácticos.**

En 2º de ESO empregaremos o libro de texto *Lingua galega e literatura 2* da editorial Santillana así como outros materiais de apoio como o libro virtual, recursos fotocopiabes, materiais de avaliación, apuntamentos do docente e recursos informáticos básicos para o estudo da materia como dicionarios electrónicos ([portaldaspalabras.gal](http://portaldaspalabras.gal) e similares) e outras fontes de consulta.

### **Temporalización dos contidos.**

Malia que se vai empregar o libro de texto como material didáctico de cabeceira, a temporalización dos contidos farase tendo en conta o *Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*. Deste xeito, a temporalización que presentamos é a seguinte:

Dada esta temporalización, vanse realizar dúas probas escritas en cada avaliación, que terán como núcleo fundamental os contidos impartidos ata a data das probas. Con todo, a distribución dos contidos por trimestre non debe ser ríxida e fica sometida a calquera modificación que for preciso realizar, sempre tendo en conta o ritmo de aprendizaxe do alumnado e a atención á diversidade.

#### **1º TRIMESTRE**

B1: Todos os estándares relacionados coa comunicación oral traballaranse ao longo do curso.

B2: A noticia. A puntuación e os conectores textuais.

B3: Fonética e Fonoloxía. Morfoloxía nominal: o substantivo e o adxectivo. O léxico da hostelería.

B4: As variedades da lingua. A variedade estándar. Os castelanismos.

B5: Os xéneros literarios. O xénero narrativo. A linguaxe cinematográfica.

#### **2º TRIMESTRE**

B1: IDEM

B2: O texto descritivo. Síntese e resumo.

B3: O pronome persoal. A colocación do pronome átono.

B4: A diversidade lingüística mundial. Linguas maioritarias e minoritarias. As linguas da Península Ibérica. A lusofonía. Os préstamos e os estranxeirismos.

B5: O xénero dramático. Características, lectura e análise de textos.

#### **3º TRIMESTRE**

B1: IDEM

B2: Textos da vida cotiá e das relacións sociais: a solicitude.

B3: A frase. O verbo e a súa estrutura interna. Verbos regulares, semirregulares e irregulares.

B4: A situación sociolingüística do galego. O proceso de normalización. Principais iniciativas no ámbito educativo. Os prexuízos lingüísticos.

B5: O xénero poético. Características, lectura e análise de textos. Os recursos retóricos.

**O departamento de Lingua Castelá e Literatura asume os contidos relacionados co xénero narrativo e poético así como a Sintaxe (a frase).**

### **Instrumentos e procedementos de avaliación.**

Dada a situación excepcional de pandemia na que nos encontramos, hai que contemplar tres posibles escenarios: presencial, semipresencial e non presencial:

#### **Modo presencial:**

A avaliación será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe. Realizaranse 3 avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, segundo o calendario fixado pola Xefatura de estudos.

Para que a avaliación sexa realmente efectiva é conveniente contar con variados instrumentos de avaliación, combinando as probas colectivas escritas (con diferente gradación de dificultade e tratando os contidos especificados) coa observación sistemática, o control das actividades habituais, as exposicións orais e a lectura dos libros propostos.

Os criterios de avaliación obteranse de acordo coa suma das puntuacións parciais dos seguintes apartados:

A. Probas escritas	40%	
B. Comunicación oral	20%	Exposicións orais, gravacións, etc. (escalas de observación).
C. Libro de lectura	10%	Probas escritas ou actividades de natureza diversa.
D. Traballo diario e uso da lingua galega.	30%	Realización das actividades propostas, traballos, presentacións, implicación xeral coa materia.

#### **A. Probas escritas.**

Ao longo de cada trimestre realizaranse dúas probas escritas que recollerán preguntas nas que o alumnado terá que demostrar que sabe e que sabe facer. Estas estarán sempre vinculadas cos criterios de avaliación, concretizados nos estándares de aprendizaxe que se establecen para cada criterio. Estas probas recollerán os contidos dun máximo de dúas unidades; pero si menos. As preguntas das probas levarán todas, ao seu carón, a puntuación. Esta poderase ver mermada polas faltas de ortografía. De feito descontarase 0,02 por erros como:

- ❖ Uso inadecuado de maiúsculas e minúsculas.
- ❖ Confusións entre b, v, h, s, x.
- ❖ Erros de acentuación.
- ❖ Reescribir mal palabras que aparecen nos enunciados.

Por erros máis graves descontarase 0,04. Os casos son:

- ❖ Emprego de grafías alleas ó galego como y ou j.
- ❖ Uso de tempos verbais compostos.
- ❖ Non diferenciación entre parellas de palabras afectadas pola acentuación diacrítica.
- ❖ Colocación do pronome átono ó comezo de oración.

## **B. Comunicación oral.**

Realizarase unha proba oral por avaliación, de xeito individual ou por parellas, na que o alumnado deberá demostrar que domina a fonética da lingua galega, a corrección gramatical e léxica e que emprega correctamente os recursos da linguaxe xestual. A súa avaliación realizarase mediante rúbrica na que se terán especialmente en conta os seguintes aspectos:

- ❖ Organización do discurso.
- ❖ Coherencia e cohesión.
- ❖ Corrección fonética e morfosintáctica.
- ❖ Léxico sen castelanismos.
- ❖ Entoación, volume e interacción co resto do grupo.
- ❖ Orixinalidade e creatividade.
- ❖ Uso das TICs.

## **C. Libro de lectura.**

Cada trimestre o docente determinará unha lectura obrigatoria, sempre adaptada ao seu nivel, da que terán que demostrar a súa lectura a través dunha proba escrita ou de diferentes actividades relacionados co libro proposto. No caso da proba escrita, teranse en conta os seguintes aspectos:

- ❖ Contido: as respostas deben contestar de forma clara ao que se pregunta, sen lagoas nin respostas incompletas.
- ❖ Expresión: valoraranse as contestacións que respecten a adecuación, coherencia e cohesión.
- ❖ Ortografía: esta debe seguir as normas ortográficas vixentes. De non ser así aplicaranse os mesmos criterios sancionadores que para as probas escritas das unidades.

A lectura obrigatoria para a primeira avaliación de 2º ESO é *A fraternidade do Dragal*, de Elena Gallego.

## **D. Traballo diario e uso da lingua galega.**

Ao longo de todo o curso levarase a cabo unha valoración cualitativa do proceso individual, do traballo diario e da actitude ante o uso oral da lingua. Faremos unha observación directa e diaria e valoraremos positivamente:

- ❖ Seguimento das instrucións dadas polos docentes.
- ❖ Presentación diaria e correcta do caderno de aula.
- ❖ Conservación das fichas que se repartan e que sirvan de apoio e reforzo á aprendizaxe.
- ❖ A corrección dos exercicios e actividades.
- ❖ Aproveitamento diario da clase.
- ❖ A realización de tarefas, no caso de seren marcados.
- ❖ A realización e presentación de calquera traballo ou actividade en tempo e forma.
- ❖ A autonomía e a iniciativa persoal á hora de realizar unha actividade, resolver dúbidas (diccionario, consultas en internet ou en medios bibliográficos).
- ❖ A utilización do galego nas manifestacións espontáneas e de carácter académico.

- ❖ O esforzo por mellorar a pronuncia e ir adquirindo novo vocabulario.
- ❖ O rexeitamento de prexuízos.
- ❖ Respectar o turno de palabra.
- ❖ Ser respectuoso coas opinións e comentarios dos ou das compañeiras.

Con carácter xeral, no caso de que se descubra un alumno ou alumna copiando nalgunha proba ou se detecten plaxios deliberados nos traballos, anularáselle a parte implicada ou a totalidade do exercicio, segundo se considere oportuno, que pasará a computar como un cero para os efectos da avaliación trimestral.

A nota de cada avaliación calcularase sumando as notas de cada un dos instrumentos anteriores debidamente ponderados. Para obter unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos ou superior ou no seu defecto redondearase cara a seguinte unidade cando o alumnado obteña unha nota decimal de 0.5 ou superior. A cualificación da avaliación final obterase mediante o cálculo da media aritmética das tres avaliacións, sempre que estean todas aprobadas.

#### **Probas de recuperación:**

Cando se teña unha avaliación suspensa, os discentes poderán aprobar directamente na final sempre que a media das tres avaliacións supere os 5 puntos; se a media non chega para aprobar directamente ou cando teña suspensas dúas avaliacións deberá realizar un ou dous exames de recuperación, respectivamente, sobre os contidos correspondentes. Recuperaranse só os instrumentos suspensos conservándose o resto das notas.

Pola contra, o alumnado que non superase ningunha das tres avaliacións deberá presentarse ao exame da **convocatoria de xullo**, que incluírá preguntas que teñan como referencia os criterios de avaliación e as súas concrecións nos estándares de aprendizaxe do seu nivel. A nota que figurará no boletín procederá exclusivamente dun exame escrito que conteña preguntas por un valor total de 10 puntos. Cada unha levará ao seu carón a puntuación que lle corresponde. Para aprobar a materia nesta convocatoria é necesario ter como mínimo 5 puntos no dito exame.

De non poder facerse os exames de forma presencial, realizaranse mediante fichas que terán que facer nun prazo curto de tempo (de 1 ou 2 horas) probas online ou exames realizados mediante videoconferencia.

#### **Modo semipresencial:**

A avaliación no modo semipresencial realizarase da mesma forma que o presencial, xa que as probas escritas e orais poderán realizarse nos días que o alumnado se incorpore ás aulas.

#### **Modo non presencial:**

No caso de se suspenderen as sesións presenciais, os criterios de avaliación para todo o alumando, excepto o de 2º de bacharelato, son os seguintes:

<b>Observación sistemática</b>	25%	❖ Escalas de observación. ❖ Participación nas videoconferencias e entrega de actividades na Aula Virtual.
<b>Probas específicas</b>	75%	
	25%	Probas orais: gravacións e vídeos.
	10%	Literatura e as súas lecturas.
	40%	Probas escritas de contido, realización de cuestionarios, probas online, resolución de exercicios, comentarios de texto.



### 3º de ESO

#### Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprensión e interpretación de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención ás entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, o datos relevantes de textos orais dos medios de comunicación audiovisual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.1.2. Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.2.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.2.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.2.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Comprensión, interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>d</li> <li>e</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais usados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.4. Comprender textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas) e identificar as ideas principais e secundarias, o propósito comunicativo implícito ou explícito, e diferenciar as explicacións dos argumentos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.4.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.5. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativo, tanto espontáneas como planificadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.5.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.5.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>h</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autoavaliación e propón solucións para melloralas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.6.2. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión..</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Participar activamente en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.7.1. Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.7.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.7.3. Avalía as intervencións propias e alleas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.7.4. Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ g</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.8. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.8.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ o</li> </ul>			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.8.3. Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.8.4. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.8.5. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.8.6. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.8.7. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.9. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.9.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> </ul>	educativa.			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.9.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.9.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.10. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.10.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB1.10.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Uso de técnicas de análise do contido e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Aplicar técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ h	crítica de textos.		▪ LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	▪ CCL ▪ CAA
▪ d ▪ e ▪ h	▪ B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.	▪ B2.2. Comprender e interpretar textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.	▪ LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.	▪ CCL ▪ CSC
			▪ LGB2.2.2. Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollos léxicos) coa tipoloxía textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos).	▪ CCL
▪ d ▪ e ▪ h	▪ B2.3. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación e distinción dos contidos informativos e das opinións en entrevistas, crónicas e reportaxes.	▪ B2.3. Comprender e interpretar escritos propios dos medios de comunicación e distinguir entre información e opinión en entrevistas, crónicas e reportaxes.	▪ LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.	▪ CCL ▪ CSC
			▪ LGB2.3.2. Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.	▪ CCL ▪ CSC
▪ d ▪ e	▪ B2.4. Comprensión e interpretación dos textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos (enciclopedias, webs	▪ B2.4. Comprender e interpretar textos de carácter educativo, especialmente os expositivos e explicativos: enciclopedias, webs educativas e outros materiais de consulta.	▪ LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas	▪ CCL ▪ CAA

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ h	educativas e outros materiais de consulta).		bibliotecas.	
			▪ LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CD
			▪ LGB2.4.3. Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.	▪ CCL ▪ CAA
▪ b ▪ h	▪ B2.5. Identificación do tema e dos subtemas, a estrutura comunicativa das mensaxes e a intención do emisor dos textos expositivos e explicativos.	▪ B2.5. Identificar o tema, os subtemas e a estrutura comunicativa dos textos expositivos e explicativos.	▪ LGB2.5.1. Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LGB2.5.2. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.	▪ CCL
▪ b ▪ e ▪ g ▪ h	▪ B2.6. Uso case autónomo dos recursos que ofrecen as bibliotecas e as TIC para obter, organizar e seleccionar a información.	▪ B2.6. Usar, de maneira case autónoma, os recursos que ofrecen as bibliotecas e outros recursos relacionados coas TIC para obter, organizar e seleccionar información.	▪ LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CD
▪ a ▪ c ▪ d	▪ B2.7. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.	▪ B2.7. Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto, para detectar prexuízos e discriminacións.	▪ LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	▪ CCL
			▪ LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que	▪ CCL

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ h			transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	▪ CSC
▪ h ▪ ñ	▪ B2.8. Lectura fluída en voz alta respectando os patróns fonéticos do galego.	▪ B2.8. Ler en voz alta, de xeito fluído, e respectar os patróns fonéticos do galego.	▪ LGB2.8.1. Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto.  ▪ LGB2.8.2. Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.	▪ CCL  ▪ CCL
▪ b ▪ e ▪ h	▪ B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.	▪ B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e intervencións en foros.	▪ LGB2.9.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ h	▪ B2.10. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.	▪ B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos informativos e de opinión, fundamentalmente, entrevistas, crónicas e reportaxes.	▪ LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.	▪ CCL ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ h	▪ B2.11. Produción, en soporte impreso ou dixital, de textos expositivos do ámbito educativo a partir da información obtida na biblioteca ou outras fontes de documentación.	▪ B2.11. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos do ámbito educativo: informes e proxectos sobre tarefas educativas das materias curriculares.	▪ LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.  ▪ LGB2.11.2. Usa correctamente elementos formais nos traballos educativos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc.	▪ CCL ▪ CD  ▪ CCL ▪ CD



Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12. Planificación, produción e revisión do texto con adecuación, coherencia, cohesión e respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.12. Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.12.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.12.3. Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.12.5. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.12.6. Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13. Utilización das TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir erros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.13. Utilizar as TIC para organizar os contidos, mellorar a presentación e corrixir as producións escritas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.14. Uso das TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.14. Utilizar as TIC como un medio de comunicación e interrelación social a través da escritura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB2.14.1. Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
Bloque 3. Funcionamento da lingua				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico temático e da fraseoloxía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras e as posibilidades de combinación para crear novas palabras para crear novos elementos léxicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCA</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Recoñecer e usar adecuadamente a fonética da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ n</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Uso progresivo, autónomo e eficaz dos dicionarios, das bibliotecas e doutras fontes de consulta en diferentes soportes, especialmente sobre cuestións de uso, de norma e como fonte de obtención de información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Usar progresiva, autónoma e eficazmente os dicionarios, as bibliotecas e outras fontes de consulta para resolver dúbidas e progresar na aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolven as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Aplicar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.6.1. Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Analizar e usar correctamente a puntuación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Recoñecemento das funcións sintácticas e das unidades que as desempeñan de cara á mellora da construción de textos orais e escritos con emprego dunha terminoloxía axeitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Recoñecer, usar e explicar as funcións sintácticas oracionais e as unidades que as desempeñan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.8.1. Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferencia os elementos que as desempeñan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.9. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.9. Recoñecer en textos de diversa natureza e usar nas producións propias os diferentes conectores textuais e os principais mecanismos de cohesión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB3.9.1. Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b	▪ B3.10. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temática en textos alleos e propios. Elaboración de textos tendendo a estes valores.	▪ B3.10. Sintetizar o contido e identificar a estrutura de textos. Elaborar producións propias segundo estes parámetros.	▪ LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.	▪ CCL
▪ e	▪ B3.11. Recoñecemento e delimitación na intención comunicativa expresada.	▪ B3.11. Comprender o sentido global e a intención comunicativa de textos orais e escritos.	▪ LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e a recoñece a postura de cada emisor.	▪ CLC ▪ CSC
▪ b ▪ e ▪ h	▪ B3.12. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	▪ B3.12. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	▪ LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CD
▪ b ▪ e	▪ B3.13. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	▪ B3.13. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	▪ LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	▪ CCL ▪ CAA
Bloque 4. Lingua e sociedade				
▪ ñ ▪ o	▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.	▪ B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da	▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.	▪ CCL ▪ CSC

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.</li> <li>B4.3. A lusofonía.</li> </ul>	<p>humanidade e coñecer a importancia da lusofonía e incorporar ferramentas en rede desta comunidade cultural.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega.</li> <li>LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura.</li> <li>LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.</li> <li>LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.</li> <li>LGB4.1.6. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CCL</li> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Situación sociolingüística do galego, observación da situación sociolingüística en canto a usos e actitudes no contorno máis próximo (aula e barrio), con aproximación aos prexuízos lingüísticos máis evidentes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.</li> <li>LGB4.2.2. Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas.</li> <li>LGB4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CD</li> <li>CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.3.2. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ l</li> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. A orixe e formación da lingua galega. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916, e análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua desde os seus inicios ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.5.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.8. Prexuízos lingüísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ ñ</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. Identificar e clasificar as variantes diastráticas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega, valorala como variante unificadora e apreciar a variante diatópica propia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.7.1. Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego.</li> <li>▪ LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.</li> <li>▪ LGB4.7.3. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
Bloque 5. Educación literaria.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>h</li> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.2.4. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>



Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Consulta de fontes básicas de información e familiarización coas TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Consultar fontes básicas de información e familiarizarse cos recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.5.1. Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Creación ou recreación de textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

## **Grao mínimo de consecución:**

### **Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.**

LGB1.1.2. Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos.

LGB1.2.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.

LGB1.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.

LGB1.5.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).

LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autovaliación e propón solucións para melloralas.

LGB1.7.1. Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.

LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).

LGB1.8.4. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada),

manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.

LGB1.8.7. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.

LGB1.9.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.

LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas.

LGB1.10.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.

## **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.**

LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.

LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.

LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.

LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.

LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas.

LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.

LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.

LGB2.8.1. Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto.

LGB2.9.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros.

LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.

LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.

LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.

LGB2.12.6. Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestión tipográficas, ortográficas e gramaticais).

## **Bloque 3. Funcionamento da lingua.**

LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.

LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.

LGB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolven as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.

LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente.

#### **Bloque 4. Lingua e sociedade.**

LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.

LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura.

LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.

LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.

LGB4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.

LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.

#### **Bloque 5. Educación literaria**

LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.

LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.

LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.

LGLB5.5.1. Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.

### **Metodoloxía didáctica.**

Neste curso 2021/2022, dada a situación especial de pandemia por coronavirus, debemos ter en conta os diferentes escenarios cos que nos poderemos atopar, por esta razón, a continuación explícase a metodoloxía específica que se seguirá en cada un dos posibles casos:

#### **Modo presencial:**

Procurarase en todo momento que as actividades resulten variadas en tipoloxías e gradadas en dificultade, de modo que enfrontarse con elas sexa unha forma de asentar conceptos e supoña un reto real para o alumnado. Alén disto, intentarase integrar na maioría das unidades actividades que obriguen ao manexo de diferentes ferramentas TIC, á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais, á utilización do dicionario, á creación literaria, á resolución de problemas, á investigación, á exposición oral, ao desenvolvemento de proxectos etc. Por outra parte, consideramos que o traballo individual é preciso en certas actividades que serven para asentar coñecementos moi concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autoconhecimento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais somos conscientes da demanda da sociedade actual de cidadáns e cidadás e profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que se procurarán, na medida do posible, actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo.

No desenvolvemento das tarefas empregaremos diversas estratexias metodolóxicas:

- ✓ Repaso de contidos xa vistos no curso anterior.
- ✓ Actividades que permitan anticipar as ideas previas que o alumnado ten en torno aos distintos contidos.
- ✓ Fincapé nos hábitos de traballo: reponder as actividades do libro; utilización do dicionario, facer cadros, resumos, esquemas...
- ✓ Exposición do profesorado utilizando diferentes soportes, explicando aqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- ✓ Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos, ampliar información do libro, etc.
- ✓ Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- ✓ Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.

#### **Modo semipresencial:**

Se neste curso se produce un modo de estudo semipresencial, a metodoloxía utilizada cando o alumnado acuda ás clases será igual que no modo presencial, dándolle prioridade á explicación dos diferentes contidos, á resolución de dúbidas e á corrección de exercicios. Desta forma, as sesións non presenciais serán fundamentalmente para a realización de actividades relacionadas cos contidos vistos na clase.

#### **Modo non presencial:**

Se neste curso se produce un modo de estudo non presencial, tanto dun alumno como de varios, a comunicación será a través do correo @iesxermanancochea.net, ou plataformas

como a aula virtual, informando ao alumnado do medio a utilizar nos primeiros días de permanencia nas casas, así como ás súas familias a través do espazo Abalar. Cada semana mandaráselles unha tarefa, para facer ao longo da semana, que será tida en conta para a avaliación do alumnado. Esa tarefa será revisada polo profesor e as correccións ou aclaracións serán enviadas ao alumnado, así como a resolución de posibles dúbidas. As tarefas estarán baseadas nos contidos e estándares de aprendizaxes mínimos que se consideran imprescindibles no proceso formativo do alumnado. Ademais, enviaráselles vídeos explicativos realizados polo profesor ou enlaces a páxinas web que recollan actividades, explicacións, simulacións, vídeos, etc. que lles sirvan para a adquisición deses estándares de aprendizaxe.

#### **Materiais e recursos didácticos.**

En 3º de ESO empregaremos o libro de texto *Lingua galega e literatura 3* da editorial Baía así como outros materiais de apoio como o libro virtual, recursos fotocopiáveis, materiais de avaliación, apuntamentos do docente e recursos informáticos básicos para o estudo da materia como dicionarios electrónicos ([portaldaspalabras.gal](http://portaldaspalabras.gal) e similares) e outras fontes de consulta.

### **Temporalización dos contidos.**

Malia que se vai empregar o libro de texto como material didáctico de cabeceira, a temporalización dos contidos farase tendo en conta o *Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*. Deste xeito, a temporalización que presentamos é a seguinte:

#### **1ª AVALIACIÓN**

B1: Comprensión de textos orais xornalísticos: entrevistas, crónicas, noticias e reportaxes.

B2: O texto. Definición, clasificación e estrutura.

B3: A puntuación e os conectores textuais. A cohesión textual.

B4: Formación e evolución da lingua. A idade media: o esplendor.

B5: A literatura na Idade Media. As cantigas de amor e de amigo.

#### **2ª AVALIACIÓN**

B1: Comprensión e interpretación de textos argumentativos e expositivos.

B2: O texto expositivo. Características e estrutura comunicativa.

B3: Morfoloxía: derivación e composición.

B4: Historia social da lingua: a decadencia. Bilingüismo e diglosia.

B5: As cantigas de escarnio e as Cantigas de Santa María. A prosa medieval. Os Séculos Escuros.

#### **3ª AVALIACIÓN**

B1: Comprensión e interpretación de textos do ámbito educativo.

B2: Os textos da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión, etc.

B3: Intereferencias fonéticas. Os castellanismos. Os grupos consonánticos.

B4: A situación da lingua galega no século XIX. A situación sociolingüística de Galicia no século XX e XXI. O proceso de normalización. Os prexuízos lingüísticos.

B5: O século XIX. O Pre-Rexurdimento. O Rexurdimento. Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

Dada esta temporalización, vanse realizar dúas probas escritas en cada avaliación, que terán como núcleo fundamental os contidos impartidos ata a data das probas. Con todo, a distribución dos contidos por trimestre non debe ser ríxida e fica sometida a calquera modificación que for preciso realizar, sempre tendo en conta o ritmo de aprendizaxe do alumnado e a atención á diversidade.

**O departamento de Lingua Castelá e Literatura asume a docencia dos contidos relacionados coa Sintaxe e a Semántica.**

### **Instrumentos e procedementos de avaliación.**

Dada a situación excepcional de pandemia na que nos encontramos, hai que contemplar tres posibles escenarios: presencial, semipresencial e non presencial:

#### **Modo presencial:**

A avaliación será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe. Realizaranse 3 avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, segundo o calendario fixado pola Xefatura de estudos.

Para que a avaliación sexa realmente efectiva é conveniente contar con variados instrumentos de avaliación, combinando as probas colectivas escritas (con diferente gradación de dificultade e tratando os contidos especificados) coa observación sistemática, o control das actividades habituais, as exposicións orais e a lectura dos libros propostos.

Os criterios de avaliación obteranse de acordo coa suma das puntuacións parciais dos seguintes apartados:

A. Probas escritas	40%	
B. Comunicación oral	25%	Exposicións orais, gravacións, etc. (escalas de observación).
C. Libro de lectura	10%	Probas escritas ou actividades de natureza diversa.
D. Traballo diario e uso da lingua galega.	25%	Realización das actividades propostas, traballos, presentacións, implicación xeral coa materia.

#### **A. Probas escritas.**

Ao longo de cada trimestre realizaranse dúas probas escritas que recollerán preguntas nas que o alumnado terá que demostrar que sabe e que sabe facer. Estas estarán sempre vinculadas cos criterios de avaliación, concretizados nos estándares de aprendizaxe que se establecen para cada criterio. Estas probas recollerán os contidos dun máximo de dúas unidades; pero si menos. As preguntas das probas levarán todas, ao seu carón, a puntuación. Esta poderase ver mermada polas faltas de ortografía. De feito descontarase 0,02 por erros como:

- ❖ Uso inadecuado de maiúsculas e minúsculas.
- ❖ Confusións entre b, v, h, s, x.
- ❖ Erros de acentuación.
- ❖ Reescribir mal palabras que aparecen nos enunciados.

Por erros máis graves descontarase 0,04. Os casos son:

- ❖ Emprego de grafías alleas ó galego como y ou j.
- ❖ Uso de tempos verbais compostos.
- ❖ Non diferenciación entre parellas de palabras afectadas pola acentuación diacrítica.
- ❖ Colocación do pronome átono ó comezo de oración.



## **B. Comunicación oral.**

Realizarase unha proba oral por avaliación, de xeito individual ou por parellas, na que o alumnado deberá demostrar que domina a fonética da lingua galega, a corrección gramatical e léxica e que emprega correctamente os recursos da linguaxe xestual. A súa avaliación realizarase mediante rúbrica na que se terán especialmente en conta os seguintes aspectos:

- ❖ Organización do discurso.
- ❖ Coherencia e cohesión.
- ❖ Corrección fonética e morfosintáctica.
- ❖ Léxico sen castelanismos.
- ❖ Entoación, volume e interacción co resto do grupo.
- ❖ Orixinalidade e creatividade.
- ❖ Uso das TICs.

## **C. Libro de lectura.**

Cada trimestre o docente determinará unha lectura obrigatoria, sempre adaptada ao seu nivel, da que terán que demostrar a súa lectura a través dunha proba escrita ou de diferentes actividades relacionados co libro proposto. No caso da proba escrita, teranse en conta os seguintes aspectos:

- ❖ Contido: as respostas deben contestar de forma clara ao que se pregunta, sen lagoas nin respostas incompletas.
- ❖ Expresión: valoraranse as contestacións que respecten a adecuación, coherencia e cohesión.
- ❖ Ortografía: esta debe seguir as normas ortográficas vixentes. De non ser así aplicaranse os mesmos criterios sancionadores que para as probas escritas das unidades.

A lectura obrigatoria para a primeira avaliación de 3º ESO é *Corredores de sombra*, de Agustín Fernández Paz.

## **D. Traballo diario e uso da lingua galega.**

Ao longo de todo o curso levarase a cabo unha valoración cualitativa do proceso individual, do traballo diario e da actitude ante o uso oral da lingua. Faremos unha observación directa e diaria e valoraremos positivamente:

- ❖ Seguimento das instrucións dadas polos docentes.
- ❖ Presentación diaria e correcta do caderno de aula.
- ❖ Conservación das fichas que se repartan e que sirvan de apoio e reforzo á aprendizaxe.
- ❖ A corrección dos exercicios e actividades.
- ❖ Aproveitamento diario da clase.
- ❖ A realización de tarefas, no caso de seren marcados.
- ❖ A realización e presentación de calquera traballo ou actividade en tempo e forma.

- ❖ A autonomía e a iniciativa persoal á hora de realizar unha actividade, resolver dúbidas (diccionario, consultas en internet ou en medios bibliográficos).
- ❖ A utilización do galego nas manifestacións espontáneas e de carácter académico.
- ❖ O esforzo por mellorar a pronuncia e ir adquirindo novo vocabulario.
- ❖ O rexeitamento de prexuízos.
- ❖ Respectar o turno de palabra.
- ❖ Ser respectuoso coas opinións e comentarios dos ou das compañeiras.

Con carácter xeral, no caso de que se descubra un alumno ou alumna copiando nalgunha proba ou se detecten plaxios deliberados nos traballos, anularáselle a parte implicada ou a totalidade do exercicio, segundo se considere oportuno, que pasará a computar como un cero para os efectos da avaliación trimestral.

A nota de cada avaliación calcularase sumando as notas de cada un dos instrumentos anteriores debidamente ponderados. Para obter unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos ou superior ou no seu defecto redondearase cara a seguinte unidade cando o alumnado obteña unha nota decimal de 0.5 ou superior. A cualificación da **avaliación final** obterase mediante o cálculo da media aritmética das tres avaliacións, sempre que estean todas aprobadas.

#### **Probas de recuperación:**

Cando se teña unha avaliación suspensa, os discentes poderán aprobar directamente na final sempre que a media das tres avaliacións supere os 5 puntos; se a media non chega para aprobar directamente ou cando teña suspensas dúas avaliacións deberá realizar un ou dous exames de recuperación, respectivamente, sobre os contidos correspondentes. Recuperaranse só os instrumentos suspensos conservándose o resto das notas.

			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados. Tendencias de evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados así como ás tendencias de evolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.2.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.2.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.2.3. Analiza gráficas de distribución de linguas tirando conclusións nas que incorpora os seus coñecementos sociolingüísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.2.4. Describe a situación sociolingüística de Galicia e emprega a terminoloxía apropiada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.2.5. Analiza as tendencias de evolución da lingua galega a partir da situación sociolingüística actual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.3. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.3.1. Identifica os procedementos de normalización e argumenta axeitadamente a necesidade de continuar con este proceso na lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.4. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916 e elabora textos expositivos sobre as diferentes etapas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CCEC</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.8. Prexuízos lingüísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>ñ</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			unificadora.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
Bloque 5. Educación literaria.				
<ul style="list-style-type: none"> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega de 1916 ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade para a súa lectura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definatorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			galega correspondente.	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>h</li> <li>l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>

Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

## **Grao mínimo de consecución:**

### **Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.**

LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias.

LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización.

LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.

LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.

LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.

LGB1.6.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.

LGB1.7.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

LGB1.7.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).

LGB1.9.2. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical.

LGB1.9.3. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.

LGB1.9.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos e (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.

LGB1.10.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.

LGB1.112. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.

LGB1.12.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.

### **Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.**

LGB2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).

LGB2.1.5. Entende o significado de palabras propias do rexistro culto e incorpóraas ao seu discurso.



LGB2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego, contrato, nómina e vida laboral), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).

LGB2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias, etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet.

LGB2.4.1. Identifica o tema e a intención comunicativa de textos argumentativos.

LGB2.6.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios).

LGB2.8.1. Selecciona contidos, analiza información e extrae conclusións a partir da consulta de materiais en distintos soportes.

LGB2.9.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.

LGB2.9.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seus alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicarlas correctamente.

LGB2.9.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.

LGB2.11.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: laboral (currículo, carta de presentación, ficha de contratación en empresas e redes sociais de procura de emprego), administrativo (carta administrativa e solicitude ou instancia) e comercial (carta comercial, carta de reclamación e impreso administrativo de reclamación).

LGB2.13.1. Elabora, en soporte impreso ou dixital, textos argumentativos, redactados a partir da información obtida de distintas fontes.

### **Bloque 3. Funcionamento da lingua.**

LGB3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.

LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.

LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao n velar.

LGB3.5.1. Usa eficazmente os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en soporte electrónico,

especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa, para resolver dúbidas, e para progresar na aprendizaxe autónoma e para ampliar o seu vocabulario.

LGB3.6.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega nos discursos orais e escritos.

LGB3.7.1. Analiza e usa correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica.

LGB3.8.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica galega.

LGB3.9.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e os conclusivos, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.

LGB3.10.4. Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.

LGB3.12.2. Elabora producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.

#### **Bloque 4. Lingua e sociedade.**

LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.

LGB4.1.2. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.

LGB4.1.3. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.

LGB4.1.4. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en portugués (buscadores, enciclopedias e portais de noticias).

LGB4.3.2. Distingue normativización e normalización e explica axeitadamente cada fenómeno.

LGB.4.3.4. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.

LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.

LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español.

LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.

LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.

#### **Bloque 5. Educación literaria.**

LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega desde 1916 ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definatorios e relacións co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega de 1916 ata a actualidade.

LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.

### **Metodoloxía didáctica.**

Neste curso 2021/2022, dada a situación especial de pandemia por coronavirus, debemos ter en conta os diferentes escenarios cos que nos poderemos atopar, por esta razón, a continuación explícase a metodoloxía específica que se seguirá en cada un dos posibles casos:

#### **Modo presencial:**

Procurarase en todo momento que as actividades resulten variadas en tipoloxías e gradadas en dificultade, de modo que enfrontarse con elas sexa unha forma de asentar conceptos e supoña un reto real para o alumnado. Alén disto, intentarase integrar na maioría das unidades actividades que obriguen ao manexo de diferentes ferramentas TIC, á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais, á utilización do dicionario, á creación literaria, á resolución de problemas, á investigación, á exposición oral, ao desenvolvemento de proxectos etc.

Por outra parte, consideramos que o traballo individual é preciso en certas actividades que serven para asentar coñecementos moi concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autoconhecimento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais somos conscientes da demanda da sociedade actual de cidadáns e cidadás e profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que se procurarán, na medida do posible, actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo.

No desenvolvemento das tarefas empregaremos diversas estratexias metodolóxicas:

- ✓ Repaso de contidos xa vistos no curso anterior.
- ✓ Actividades que permitan anticipar as ideas previas que o alumnado ten en torno aos distintos contidos.
- ✓ Fincapé nos hábitos de traballo: reponder as actividades do libro; utilización do dicionario, facer cadros, resumos, esquemas...
- ✓ Exposición do profesorado utilizando diferentes soportes, explicando aqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- ✓ Fomento do uso das TIC para resolver actividades, realizar traballos, ampliar información do libro, etc.
- ✓ Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- ✓ Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.

### **Modo semipresencial:**

Se neste curso se produce un modo de estudo semipresencial, a metodoloxía utilizada cando o alumnado acuda ás clases será igual que no modo presencial, dándolle prioridade á explicación dos diferentes contidos, á resolución de dúbidas e á corrección de exercicios. Desta forma, as sesións non presenciais serán fundamentalmente para a realización de actividades relacionadas cos contidos vistos na clase.

### **Modo non presencial:**

Se neste curso se produce un modo de estudo non presencial, tanto dun alumno como de varios, a comunicación será a través do correo @iesxermanancochea.net, ou plataformas como a aula virtual, informando ao alumnado do medio a utilizar nos primeiros días de permanencia nas casas, así como ás súas familias a través do espazo Abalar. Cada semana mandaráselles unha tarefa, para facer ao longo da semana, que será tida en conta para a avaliación do alumnado. Esa tarefa será revisada polo profesor e as correccións ou aclaracións serán enviadas ao alumnado, así como a resolución de posibles dúbidas. As tarefas estarán baseadas nos contidos e estándares de aprendizaxes mínimos que se consideran imprescindibles no proceso formativo do alumnado. Ademais, enviaráselles vídeos explicativos realizados polo profesor ou enlaces a páxinas web que recollan actividades, explicacións, simulacións, vídeos, etc. que lles sirvan para a adquisición deses estándares de aprendizaxe.

### **Materiais e recursos didácticos.**

En 4º de ESO empregaremos o libro de texto *Lingua galega e literatura 4* da editorial Santillana así como outros materiais de apoio como o libro virtual, recursos fotocopiáveis, materiais de avaliación, apuntamentos do docente e recursos informáticos básicos para o estudo da materia como dicionarios electrónicos (portaldaspalabras.gal e similares) e outras fontes de consulta.

### **Temporalización dos contidos.**

Malia que se vai empregar o libro de texto como material didáctico de cabeceira, a temporalización dos contidos farase tendo en conta o *Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*. Deste xeito, a temporalización que presentamos é a seguinte:

#### **1ª AVALIACIÓN.**

B1: Os estándares relacionados coa comunicación oral traballaranse ao longo do curso.

B2: As propiedades do texto. O texto argumentativo: estrutura e características.

B3: O verbo e as perífrases verbais.

B4: As variedades da lingua. A variedade estándar. Os prexuízos lingüísticos.

B5: A literatura galega desde 1916 ata 1936: Irmandades da Fala, Grupo Nós e vangardas. Narrativa, poesía e teatro.

#### **2ª AVALIACIÓN**

B1: IDEM

B2: O texto xornalístico de opinión e os medios de comunicación. A fraseoloxía.

B3: Morfoloxía: Derivación, composición e parasíntese.

B4: O proceso de normalización. Conceptos básicos. Acontecementos fundamentais da historia social da lingua desde 1916 ata a actualidade.

B5: A literatura galega desde 1936 ata 1975. Narrativa, poesía e teatro.

#### **3ª AVALIACIÓN.**

B1: IDEM

B2: Textos da vida cotiá: laboral, comercial e administrativo.

B3: Fonética e fonoloxía: entoación, sistema vocálico e n velar.

B4: A situación sociolingüística de Galicia e das linguas da Península Ibérica. A lusofonía.

B5: A literatura galega desde 1975 ata a actualidade. Narrativa, poesía e teatro.

Dada esta temporalización, vanse realizar dúas probas escritas en cada avaliación, que terán como núcleo fundamental os contidos impartidos ata a data das probas. Con todo, a distribución dos contidos por trimestre non debe ser ríxida e fica sometida a calquera modificación que for preciso realizar, sempre tendo en conta o ritmo de aprendizaxe do alumnado e a atención á diversidade.

**O departamento de Lingua Castelá e Literatura asume a docencia dos contidos relacionados coa Sintaxe.**

### **Instrumentos e procedementos de avaliación.**

Dada a situación excepcional de pandemia na que nos encontramos, hai que contemplar tres posibles escenarios: presencial, semipresencial e non presencial:

#### **Modo presencial:**

A avaliación será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe. Realizaranse 3 avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, segundo o calendario fixado pola Xefatura de estudos.

Para que a avaliación sexa realmente efectiva é conveniente contar con variados instrumentos de avaliación, combinando as probas colectivas escritas (con diferente gradación de dificultade e tratando os contidos especificados) coa observación sistemática, o control das actividades habituais, as exposicións orais e a lectura dos libros propostos.

Os criterios de avaliación obteranse de acordo coa suma das puntuacións parciais dos seguintes apartados:

A. Probas escritas	40%	
B. Comunicación oral	25%	Exposicións orais, gravacións, etc. (escalas de observación).
C. Libro de lectura	10%	Probas escritas ou actividades de natureza diversa.
D. Traballo diario e uso da lingua galega.	25%	Realización das actividades propostas, traballos, presentacións, implicación xeral coa materia.

#### **A. Probas escritas.**

Ao longo de cada trimestre realizaranse dúas probas escritas que recollerán preguntas nas que o alumnado terá que demostrar que sabe e que sabe facer. Estas estarán sempre vinculadas cos criterios de avaliación, concretizados nos estándares de aprendizaxe que se establecen para cada criterio. Estas probas recollerán os contidos dun máximo de dúas unidades; pero si menos. As preguntas das probas levarán todas, ao seu carón, a puntuación. Esta poderase ver mermada polas faltas de ortografía. De feito descontarase 0,02 por erros como:

- ❖ Uso inadecuado de maiúsculas e minúsculas.
- ❖ Confusións entre b, v, h, s, x.
- ❖ Erros de acentuación.
- ❖ Reescribir mal palabras que aparecen nos enunciados.

Por erros máis graves descontarase 0,04. Os casos son:

- ❖ Emprego de grafías alleas ó galego como y ou j.
- ❖ Uso de tempos verbais compostos.
- ❖ Non diferenciación entre parellas de palabras afectadas pola acentuación diacrítica.
- ❖ Colocación do pronome átono ó comezo de oración.

## **B. Comunicación oral.**

Realizarase unha proba oral por avaliación, de xeito individual ou por parellas, na que o alumnado deberá demostrar que domina a fonética da lingua galega, a corrección gramatical e léxica e que emprega correctamente os recursos da linguaxe xestual. A súa avaliación realizarase mediante rúbrica na que se terán especialmente en conta os seguintes aspectos:

- ❖ Organización do discurso.
- ❖ Coherencia e cohesión.
- ❖ Corrección fonética e morfosintáctica.
- ❖ Léxico sen castelanismos.
- ❖ Entoación, volume e interacción co resto do grupo.
- ❖ Orixinalidade e creatividade.
- ❖ Uso das TICs.

## **C. Libro de lectura.**

Cada trimestre o docente determinará unha lectura obrigatoria, sempre adaptada ao seu nivel, da que terán que demostrar a súa lectura a través dunha proba escrita ou de diferentes actividades relacionados co libro proposto. No caso da proba escrita, teranse en conta os seguintes aspectos:

- ❖ Contido: as respostas deben contestar de forma clara ao que se pregunta, sen lagoas nin respostas incompletas.
- ❖ Expresión: valoraranse as contestacións que respecten a adecuación, coherencia e cohesión.
- ❖ Ortografía: esta debe seguir as normas ortográficas vixentes. De non ser así aplicaranse os mesmos criterios sancionadores que para as probas escritas das unidades.

A lectura obrigatoria para a primeira avaliación de 4º ESO é *Un de nós mente*, de Karen McManus (tradución.)

## **D. Traballo diario e uso da lingua galega.**

Ao longo de todo o curso levarase a cabo unha valoración cualitativa do proceso individual, do traballo diario e da actitude ante o uso oral da lingua. Faremos unha observación directa e diaria e valoraremos positivamente:

- ❖ Seguimento das instrucións dadas polos docentes.
- ❖ Presentación diaria e correcta do caderno de aula.
- ❖ Conservación das fichas que se repartan e que sirvan de apoio e reforzo á aprendizaxe.
- ❖ A corrección dos exercicios e actividades.
- ❖ Aproveitamento diario da clase.
- ❖ A realización de tarefas, no caso de seren marcados.
- ❖ A realización e presentación de calquera traballo ou actividade en tempo e forma.

- ❖ A autonomía e a iniciativa persoal á hora de realizar unha actividade, resolver dúbidas (diccionario, consultas en internet ou en medios bibliográficos).
- ❖ A utilización do galego nas manifestacións espontáneas e de carácter académico.
- ❖ O esforzo por mellorar a pronuncia e ir adquirindo novo vocabulario.
- ❖ O rexeitamento de prexuízos.
- ❖ Respectar o turno de palabra.
- ❖ Ser respectuoso coas opinións e comentarios dos ou das compañeiras.

Con carácter xeral, no caso de que se descubra un alumno ou alumna copiando nalgunha proba ou se detecten plaxios deliberados nos traballos, anularáselle a parte implicada ou a totalidade do exercicio, segundo se considere oportuno, que pasará a computar como un cero para os efectos da avaliación trimestral.

A nota de cada avaliación calcularase sumando as notas de cada un dos instrumentos anteriores debidamente ponderados. Para obter unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos ou superior ou no seu defecto redondearase cara a seguinte unidade cando o alumnado obteña unha nota decimal de 0.5 ou superior. A cualificación da **avaliación final** obterase mediante o cálculo da media aritmética das tres avaliacións, sempre que estean todas aprobadas.

#### **Probas de recuperación:**

Cando se teña unha avaliación suspensa, os discentes poderán aprobar directamente na final sempre que a media das tres avaliacións supere os 5 puntos; se a media non chega para aprobar directamente ou cando teña suspensas dúas avaliacións deberá realizar un ou dous exames de recuperación, respectivamente, sobre os contidos correspondentes. Recuperaranse só os instrumentos suspensos conservándose o resto das notas.

Pola contra, o alumnado que non superase ningunha das tres avaliacións deberá presentarse ao exame da **convocatoria de xullo**, que incluírá preguntas que teñan como referencia os criterios de avaliación e as súas concrecións nos estándares de aprendizaxe do seu nivel. A nota que figurará no boletín procederá exclusivamente dun exame escrito que conteña preguntas por un valor total de 10 puntos. Cada unha levará ao seu carón a puntuación que lle corresponde. Para aprobar a materia nesta convocatoria é necesario ter como mínimo 5 puntos no dito exame.

De non poder facerse os exames de forma presencial, realizaranse mediante fichas que terán que facer nun prazo curto de tempo (de 1 ou 2 horas) probas online ou exames realizados mediante videoconferencia.

#### **Modo semipresencial:**

A avaliación no modo semipresencial realizarase da mesma forma que o presencial, xa que as probas escritas e orais poderán realizarse nos días que o alumnado se incorpore ás aulas.

#### **Modo non presencial:**

No caso de se suspenderen as sesións presenciais, os criterios de avaliación para todo o alumnado, excepto o de 2º de bacharelato, son os seguintes:



<b>Observación sistemática</b>	25%	❖ Escalas de observación. ❖ Participación nas videoconferencias e entrega de actividades na Aula Virtual.
<b>Probas específicas</b>	75%	
	25%	Probas orais: gravacións e vídeos.
	10%	Literatura e as súas lecturas.
	40%	Probas escritas de contido, realización de cuestionarios, probas online, resolución de exercicios, comentarios de texto.

## BACHARELATO

### Introdución

As linguas son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. A través delas achegámonos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A formación lingüística é un instrumento que ten como obxecto falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e experiencias, sobre o mundo, é un medio para as relacións interpersoais e o recoñecemento da alteridade, é motor do noso pensamento e das nosas reflexións e porta de acceso ao coñecemento. Ten que ser unha ferramenta para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara aos usos creativos e lúdicos das linguas e permitir unha achega ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

A educación plurilingüe e intercultural adopta enfoques plurais transversais e integradores. A súa finalidade é promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural pónense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural e o respecto dos dereitos fundamentais.

Aínda que cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, hai determinados aspectos do currículo que precisan ben seren abordados de maneira parella e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado, segundo contempla o artigo 8 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia. O tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega. Cómpre favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización.

O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas nun amplo repertorio de situación comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade. O tratamento de todos estes contidos abordarase desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un deses contidos ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliáveis, no currículo da materia.

A avaliación, por iso mesmo, será competencial e terá en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe, detallados en cada bloque e as competencias clave. A materia de Lingua Galega e Literatura preséntase estruturada en cinco bloques:

- **Bloque 1: Comunicación oral. escoitar e falar**, atende ao uso oral da lingua. Incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro e fóra da aula en contextos formais e informais.
- **Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir**, ocúpase da comprensión e a produción escrita.
- **Bloque 3: Funcionamento da lingua**, integra contidos relacionados co código e a súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua coa finalidade de capacitar para o seu uso correcto, sen concibir os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmo.
- **Bloque 4: Lingua e sociedade**, pretende que o alumnado comprenda os procesos sociolingüísticos e identifique os prexuízos para a súa superación. Así mesmo, persegue que recoñeza e empregue termos sociolingüísticos de xeito preciso.
- **Bloque 5: Educación literaria**, asume o obxectivo de facer do alumnado lectorado competente, que integre a lectura como un mecanismo de comprensión do propio eu e da sociedade ao longo de toda a súa vida, a través do achegamento á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e autoras máis salientables, recoñecendo a vinculación destes produtos literarios coa propia historia de Galiza.

### **Obxectivos.**

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

As competencias clave son as seguintes:

**1. Competencia en comunicación lingüística (CCL):** A creación e interpretación de emisións orais, a lectura de textos de diversa índole, así como a composición de producións escritas planificadas sobre os temas propostos, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección ortográfica e cunha coidada presentación, amais da participación en interaccións orais de acordo coas normas establecidas e da realización de producións orais planificadas, son todas elas actividades que contribúen a un desenvolvemento activo das competencias en comunicación lingüística.

▪ p	▪ B4.9. Historia da lingua: galego moderno (desde o século XIX ata 1916); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.	▪ B4.7. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916), describir o seu contexto e identificalo en textos, elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos anteriores a 1916.	▪ LGB4.7.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde o século XIX ata 1916).	▪ CCL	Sabe describir e identificar as características lingüísticas do galego moderno en textos literarios e non literarios.
			▪ LGB4.7.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) así como a súa situación sociolingüística.	▪ CCL ▪ CSC	

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.7.3. Analiza a repercusión da etapa de nacemento do galego moderno (desde o século XIX ata 1916) no desenvolvemento posterior da lingua.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.7.4. Identifica o galego moderno (desde o século XIX ata 1916) en documentos non literarios e literarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB4.7.5. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan textos anteriores a 1916.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	
Bloque 5. A literatura.					
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Definición dos conceptos "literatura" e "texto literario", caracterización dos diferentes xéneros e análise dos seus principais recursos formais e descrición da cronoloxía xeral da historia da literatura galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Definir "literatura" e "texto literario", caracterizar os diferentes xéneros e analizar os seus principais recursos formais e describir a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.1.1. Define "literatura" e "texto literario", caracteriza os diferentes xéneros e analiza os seus principais recursos formais e describe a cronoloxía xeral da historia da literatura galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	Distingue os xéneros literarios e sabe describir a cronoloxía da historia da literatura galega.
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.1.2. Compara textos de diferentes xéneros, caracterizándoos a partir dos seus trazos formais e estruturais definitorios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.1.3. Adscribe á súa época autores/as e textos destacados da historia da literatura galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Definición de "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, relación histórica da súa vitalidade e mais das principais manifestacións e compilacións realizadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Definir "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, historiar a súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.2.1. Define "literatura galega de tradición oral" e as súas principais concrecións xenéricas, concreta a historia da súa vitalidade e mais as principais manifestacións e compilacións nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	Sabe identificar as manifestacións da literatura de tradición oral e sabe analizar textos de tradición oral.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
	nos diferentes períodos históricos ata a actualidade.	históricos ata a actualidade.	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.2.2. Le e comenta textos dos diferentes xéneros da literatura galega de tradición oral e identifica os seus principais trazos formais, estruturais e temáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. A literatura medieval: contextualización sociohistórica e sociolingüística das súas orixes, definición das características principais e análise da lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura medieval: contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente as súas orixes, definir as características principais e analizar a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a literatura medieval: contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente as súas orixes, define as características principais e analiza a lírica profana (cantiga de amor, de amigo e de escarnio), a lírica relixiosa (cantigas de Santa María) e a prosa medieval.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Sabe distinguir a lírica profana da relixiosa e a prosa medieval.
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>d</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.4. Lectura de textos significativos da literatura medieval, identificación das súas características temáticas e formais e relación destas co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.4. Ler textos significativos da literatura medieval, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da literatura medieval, caracterízalos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Sabe facer o comentario de textos medievais.
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.5. A literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción desta etapa, e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente a produción desta etapa, e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a literatura do galego medio (séculos XVI, XVII e XVIII): contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción desta etapa, e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>	Sabe analizar e describir a literatura dos Séculos Escuros.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 1º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ d</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Lectura de textos significativos da literatura do galego medio, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Ler textos significativos da literatura do galego medio, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da literatura do galego medio, caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	Sabe analizar textos do galego medio.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. A literatura do Rexurdimento: contextualización sociohistórica e sociolingüística da produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e descrición e análise das obras e os/as autores/as principais deste período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Identificar, analizar e describir a literatura do Rexurdimento: contextualizar sociohistórica e sociolingüísticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describir e analizar as obras e os/as autores/as principais deste período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.7.1. Identifica, analiza e describe a literatura do Rexurdimento: contextualiza sociohistórica e sociolingüísticamente a produción do Prerrexurdimento e o Rexurdimento pleno ata 1916 e describe e analiza as obras e os/as autores/as principais deste período.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	Sabe analizar e describir a literatura galega do século XIX.
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ d</li> <li>▪ n</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Lectura de textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Ler textos significativos dos/das principais autores/as do Prerrexurdimento, o Rexurdimento pleno e os comezos do século XX ata 1916, identificando as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LGB5.8.1. Le e comenta textos representativos da literatura do Rexurdimento (tanto do Prerrexurdimento como do Rexurdimento pleno e a literatura de comezos do século XX ata 1916), caracterizaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>	Sabe analizar textos literarios do Rexurdimento.

### **Metodoloxía didáctica.**

Neste curso 2021/2022, dada a situación especial de pandemia por coronavirus, debemos ter en conta os diferentes escenarios cos que non poderemos atopar, por esta razón, a continuación explícase a metodoloxía específica que se seguirá en cada un dos posibles casos:

#### **Modo presencial.**

A sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétese na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela. A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter moi en conta á hora de programar as nosas actividades docentes.

Débase ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado, ben que é aconsellable nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de lingua galega e literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:

1. Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usos gramaticais.
2. Proporcionar e traballar con textos de distinta tipoloxía e natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
3. Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos existentes para a obtención da información.
4. Propiciar a implementación de procesos de busca guiada da información, tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios e fontes, así como a composición satisfactoria de textos utilizando distintos soportes.
5. Propiciar non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, a elaboración de discursos argumentativos e o espírito crítico e cooperativo.
6. Facer lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
7. Propiciar dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades.



A metodoloxía será, pois, dinámica e participativa: fomentarase o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación da profesora ou profesor. A función do ensinante consistirá, sobre todo, en organizar o traballo do alumnado e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistras e dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caia na pasividade e na recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión.

O método basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos. Aproveitando o método de ensino unitario da lingua e a literatura, procurarase en ocasións a coincidencia de textos para análise literaria e para análise lingüística; ademais, empregaranse outros textos non literarios para recoñecer e analizar os procesos de construción textual co obxectivo de que o alumnado elabore os seus propios textos conforme eses procedementos construtivos.

### **Materiais e recursos didácticos.**

En canto aos materiais, traballarase con libro de texto, *Lingua e Literatura 1º Bacharelato*, da autoría de Isabel González Avión e Emilio Xosé Ínsua López (ISBN: 978-84-9995-356-4), publicado polo Consorcio Editorial Galego, que o alumnado manexará de xeito autónomo, facendo as súas consultas guiados polo docente, realizando as actividades e comentarios de texto que nel se propoñen e, finalmente, elaborando as súas propias notas, guións, resumos e esquemas para desenvolver os distintos temas. O libro de texto será completado con material diverso e en distintos soportes:

- Fichas de traballo e cadernos de traballo.
- Presentacións dixitais preparadas polo docente ou polo propio alumnado.
- Fontes bibliográficas diversas, como dicionarios enciclopédicos, coleccións de historia de Galiza e de historia universal, coleccións de arte, atlas xeográficos, libros de divulgación...
- Vídeos en DVD ou na Rede.
- Páxinas Web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise.

### **Modo semipresencial.**

Se neste curso se produce un modo de estudo semipresencial, a metodoloxía utilizada cando o alumnado acuda ás clases será igual que no modo presencial, dándolle prioridade á explicación dos diferentes contidos, á resolución de dúbidas e á corrección de exercicios. Desta forma, as sesións non presenciais serán fundamentalmente para a realización de actividades relacionadas cos contidos vistos na clase.

### **Modo non presencial.**

Se neste curso se produce un modo de estudo non presencial, a comunicación cos alumnos será a través do correo @iesxermanancochea.net, ou plataformas como a aula virtual, informando ao alumnado do medio a utilizar nos primeiros días de permanencia nas casas, así como ás súas familias a través do espazo Abalar. Cada semana mandaráselles unha tarefa,

para facer ao longo da semana, que será tida en conta para a avaliación do alumnado. Esa tarefa será revisada polo profesor e as correccións ou aclaracións serán enviadas ao alumno/a, así como a resolución de posibles dúbidas.

### **Proposta de temporalización das unidades.**

Malia que se vai empregar o libro de texto como material didáctico de cabeceira, a temporalización dos contidos farase tendo en conta o *Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*. Deste xeito, a temporalización que presentamos é a seguinte:

#### **1ª AVALIACIÓN.**

B1: Os estándares relacionados coa comunicación oral traballaranse ao longo do curso.

B2: Análise e comentario de textos argumentativos e expositivos. A cohesión e os conectores textuais. Ideas principais e secundarias. Tema e subtema.

B3: Conceptos básicos da Lingüística xeral: comunicación, lingua, linguaxe, unidades lingüísticas, signo lingüístico e disciplinas lingüísticas.

B4: Formación e evolución da lingua. A Idade Media: o esplendor. Os séculos XIII, XIV e XV.

B5: A literatura na Idade Media. As cantigas de amor e as cantigas de amigo.

#### **2ª AVALIACIÓN.**

B1: IDEM

B2: Análise e comentario de textos narrativos, descritivos e dialogados: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas.

B3: O rexistro lingüístico.

B4: Historia social da lingua galega: a decadencia. Os séculos XVI, XVII e XVIII: características lingüísticas fundamentais. Bilingüismo e diglosia. O conflito lingüístico.

B5: As cantigas de escarnio e as *Cantigas de Santa María*. A prosa medieval. Os Séculos Escuros.

#### **3ª AVALIACIÓN.**

B1: IDEM

B2: Análise e comentario de textos xornalísticos e publicitarios: intención comunicativa, estrutura formal e de contido e características lingüísticas.

B3: O verbo e as perífrases verbais.

B4: A función social da lingua. Diversidade lingüística mundial. Conceptos básicos: multilingüismo, plurilingüismo, linguas minoritarias e minorizadas e ecolingüismo. A lusofonía. Historia social da lingua: o século XIX. Características lingüísticas fundamentais.

B5: O século XIX: O Pre-Rexurdimento e o Rexurdimento. Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Eduardo Pondal.

**O departamento de Lingua Castelá e Literatura asume os contidos relacionados cos usos e valores das clases de palabras.**

### **Instrumentos e procedementos de avaliación.**

Dada a situación excepcional de pandemia na que nos encontramos, hai que contemplar tres posibles escenarios: presencial, semipresencial e non presencial:

#### **Modo presencial.**

Para que a avaliación sexa realmente efectiva é conveniente contar con variados instrumentos de avaliación, combinando as probas colectivas escritas (con diferente gradación de dificultade e tratando os contidos especificados) coa observación sistemática, o control das actividades habituais, as exposicións orais, a lectura dos libros propostos e a revisión do caderno. O sistema de cualificación para a avaliación ordinaria obterase de acordo coa suma das puntuacións parciais dos seguintes apartados:

A. Probas escritas	60%	
B. Comunicación oral	10%	Exposicións orais, gravacións, etc. (escalas de observación).
C. Libro de lectura	10%	Probas escritas ou actividades de natureza diversa.
D. Traballo diario e uso da lingua galega.	20%	Realización das actividades propostas, traballos, prácticas específicas, comentarios de texto e implicación xeral coa materia.

#### **A. Probas escritas.**

Ao longo de cada trimestre realizaranse dúas probas escritas que recollerán preguntas nas que o alumnado terá que demostrar que sabe e que sabe facer. Estas estarán sempre vinculadas cos criterios de avaliación, concretizados nos estándares de aprendizaxe que se establecen para cada criterio. Estas probas recollerán os contidos dun máximo de dúas unidades; pero si menos. As preguntas das probas levarán todas, ao seu carón, a puntuación. Esta poderase ver mermada polas faltas de ortografía. De feito descontarase 0,02 por erros como:

- ❖ Uso inadecuado de maiúsculas e minúsculas.
- ❖ Confusións entre b, v, h, s, x.
- ❖ Erros de acentuación.
- ❖ Reescribir mal palabras que aparecen nos enunciados.

Por erros máis graves descontarase 0,04. Os casos son:

- ❖ Emprego de grafías alleas ó galego como y ou j.
- ❖ Uso de tempos verbais compostos.
- ❖ Non diferenciación entre parellas de palabras afectadas pola acentuación diacrítica.
- ❖ Colocación do pronome átono ó comezo de oración.

#### **B. Comunicación oral.**

Realizarase unha proba oral por avaliación, de xeito individual ou por parellas, na que o alumnado deberá demostrar que domina a fonética da lingua galega, a corrección gramatical e léxica e que emprega correctamente os recursos da linguaxe xestual. A súa avaliación realizarase mediante rúbrica na que se terán especialmente en conta os seguintes aspectos:

- ❖ Organización do discurso.
- ❖ Coherencia e cohesión.
- ❖ Corrección fonética e morfosintáctica.
- ❖ Léxico sen castelanismos.
- ❖ Entoación, volume e interacción co resto do grupo.
- ❖ Orixinalidade e creatividade.
- ❖ Uso das TICs.

### C. Libro de lectura.

Cada trimestre o docente determinará unha lectura obrigatoria, sempre adaptada ao seu nivel, da que terán que demostrar a súa lectura a través dunha proba escrita ou de diferentes actividades relacionados co libro proposto. No caso da proba escrita, teranse en conta os seguintes aspectos:

- ❖ Contido: as respostas deben contestar de forma clara ao que se pregunta, sen lagoas nin respostas incompletas.
- ❖ Expresión: valoraranse as contestacións que respecten a adecuación, coherencia e cohesión.
- ❖ Ortografía: esta debe seguir as normas ortográficas vixentes. De non ser así aplicaranse os mesmos criterios sancionadores que para as probas escritas das unidades.

A lectura obrigatoria para a primeira avaliación de 1º BAC é *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food*, de Álex Alonso.

### D. Traballo diario e uso da lingua galega.

Ao longo de todo o curso levarase a cabo unha valoración cualitativa do proceso individual, do traballo diario e da actitude ante o uso oral da lingua. Faremos unha observación directa e diaria e valoraremos positivamente:

- ❖ Seguimento das instrucións dadas polos docentes.
- ❖ Presentación diaria e correcta do caderno de aula.
- ❖ Conservación das fichas que se repartan e que sirvan de apoio e reforzo á aprendizaxe.
- ❖ A corrección dos exercicios e actividades.
- ❖ Aproveitamento diario da clase.
- ❖ A realización de tarefas, no caso de seren marcados.
- ❖ A realización e presentación de calquera traballo ou actividade en tempo e forma.
- ❖ A autonomía e a iniciativa persoal á hora de realizar unha actividade, resolver dúbidas (dicionario, consultas en internet ou en medios bibliográficos).
- ❖ A utilización do galego nas manifestacións espontáneas e de carácter académico.
- ❖ O esforzo por mellorar a pronuncia e ir adquirindo novo vocabulario.
- ❖ O rexeitamento de prexuízos.
- ❖ Respectar o turno de palabra.
- ❖ Ser respectuoso coas opinións e comentarios dos ou das compañeiros.

Con carácter xeral, no caso de que se descubra un alumno ou alumna copiando nalgunha proba ou se detecten plaxios deliberados nos traballos, anularáselle a parte implicada ou a totalidade do exercicio, segundo se considere oportuno, que pasará a computar como un cero para os efectos da avaliación trimestral.

A nota de cada avaliación calcularase sumando as notas de cada un dos instrumentos anteriores debidamente ponderados. Para obter unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos ou superior ou no seu defecto redondearase cara a seguinte unidade cando o alumnado obteña unha nota decimal de 0.5 ou superior. A cualificación da **avaliación final** obterase mediante o cálculo da media aritmética das tres avaliacións, sempre que estean todas aprobadas.

#### **Probas de recuperación:**

Cando se teña unha avaliación suspensa, os discentes poderán aprobar directamente na final sempre que a media das tres avaliacións supere os 5 puntos; se a media non chega para aprobar directamente ou cando teña suspensas dúas avaliacións deberá realizar un ou dous exames de recuperación, respectivamente, sobre os contidos correspondentes. Recuperaranse só os instrumentos suspensos conservándose o resto das notas.

Pola contra, o alumnado que non superase ningunha das tres avaliacións deberá presentarse ao exame da **convocatoria de xullo**, que incluírá preguntas que teñan como referencia os criterios de avaliación e as súas concrecións nos estándares de aprendizaxe do seu nivel. A nota que figurará no boletín procederá exclusivamente dun exame escrito que conteña preguntas por un valor total de 10 puntos. Cada unha levará ao seu carón a puntuación que lle corresponde. Para aprobar a materia nesta convocatoria é necesario ter como mínimo 5 puntos no dito exame.

De non poder facerse os exames de forma presencial, realizaranse mediante fichas que terán que facer nun prazo curto de tempo (de 1 ou 2 horas) probas online ou exames realizados mediante videoconferencia.

#### **Modo semipresencial:**

A avaliación no modo semipresencial realizarase da mesma forma que o presencial, xa que as probas escritas e orais poderán realizarse nos días que o alumnado se incorpore ás aulas.

#### **Modo non presencial:**

No caso de se suspenderen as sesións presenciais, os criterios de avaliación para todo o alumando, excepto o de 2º de bacharelato, son os seguintes:

<b>Observación sistemática</b>	<b>25%</b>	❖ Escalas de observación. ❖ Participación nas videoconferencias e entrega de actividades na Aula Virtual.
<b>Probas específicas</b>	<b>75%</b>	
	25%	Probas orais: gravacións e vídeos.
	10%	Literatura e as súas lecturas.
	40%	Probas escritas de contido, realización de cuestionarios, probas online, resolución de exercicios, comentarios de texto.

## 2º BACHARELATO

### Concreción dos obxectivos para 2º de Bacharelato.

- ❖ Comprender o contido e a intención comunicativa de textos orais, escritos e audiovisuais de diferente tipoloxía.
- ❖ Expresar por escrito e oralmente o contido dunha mensaxe axustando o discurso a diferentes situacións comunicativas (especialmente ás do ámbito académico) e mantendo a coherencia, a corrección gramatical, a adecuada presentación e a utilización dos principais elementos cohesivos.
- ❖ Desenvolver habilidades de escoita con interese e respecto.
- ❖ Expoñer oralmente textos de diversa tipoloxía.
- ❖ Usar correctamente de xeito oral e escrito a lingua galega e valorala positivamente.
- ❖ Planificar, realizar e corrixir as propias producións.
- ❖ Analizar textos de todo tipo aplicando as regras de análise textual ou comentario crítico.
- ❖ Identificar as clases de palabras e recoñecer e aplicar regras lingüísticas na análise morfosintáctica.
- ❖ Coñecer a fonética e fonoloxía do galego.
- ❖ Buscar e seleccionar información coa axuda das TIC.
- ❖ Coñecer os principais conceptos de sociolingüística.
- ❖ Coñecer a historia social da lingua desde 1916 ata a actualidade en todos os seus ámbitos e funcións de uso.
- ❖ Coñecer e valorar a existencia de estereotipos e prexuizos lingüísticos e a súa repercusión nos usos.
- ❖ Coñecer a historia da variedade estándar e identificar as interferencias lingüísticas e as desviacións da norma.
- ❖ Coñecer a literatura galega desde 1916 ata a actualidade e comentar textos literarios.
- ❖ Ler comprensivamente, analizar e comentar textos literarios do século XX e da actualidade.

**Vinculación entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave e grao mínimo de consecución.**

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar					
d e g h	B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.	B1.1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.	LGB1.1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	CCL	Case sempre identifica a intención comunicativa dos textos orais e a maioría das súas ideas principais e secundarias.
			LGB1.1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais.	CCL	Sintetiza as ideas principais en esquemas ou resumos.
			LGB1.1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza.	CAA	Interpreta textos orais de dificultade media e emite xuízos críticos sobre eles.
d e h i	B1.2. Comprensión interpretación e valoración de textos expositivos e argumentativos sobre temas especializados do ámbito educativo.	B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados (conferencias, clases, charlas, presentacións e videoconferencia).	LGB1.2.1. Identifica as ideas principais e contidos relevantes dunha presentación (charla ou conferencia sobre temas especializados do ámbito educativo).	CCL CAA	Compre a maior parte dos contidos relevantes dunha presentación ou charla.
			LGB1.2.2. Recoñece as distintas estratexias de organización do contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	CAA	Sempre recoñece as principais estratexias de organización do contido dun texto.



Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
			LGB1.2.3. Escoita de maneira activa, toma notas e formula preguntas coa intención de aclarar ou ampliar ideas que se desprenden da exposición oral.	CCL CAA	Escoita activamente e, ás veces toma notas e formula preguntas para aclarar ideas.
d e g h	B1.3. Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade).	B1.3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios.	LGB1.3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais.	CCL CAA	Identifica a intención comunicativa e o tema en anuncios.
			LGB1.3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social.	CCL CAA CSC	Identifica algunhas características dos xéneros informativos e de opinión.
			LGB1.3.3. Analiza os recursos verbais e non verbais que se empregan na publicidade para convencer os destinatarios ou destinatarias.	CCL CSC	Explica algúns recursos verbais e non verbais.
			LGB1.3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios.	CAA CCL	Analiza de forma crítica o contido das mensaxes publicitarias e procura evitar usos lingüísticos discriminatorios.
a b e	B1.4. Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.	B1.4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortésia, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.	CCL	Identifica algúns recursos que lle dan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.
			LGB1.4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortésia na comunicación oral e	CSC CAA	Case sempre respecta as quedas e as opinións alleas

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
			respecta as opinións alleas.		e aplica as normas de cortesía
			LGB1.4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CSIEE	Recoñece a importancia da entoación, as pausas, o volume e a mirada e, habitualmente, controla as emocións ao falar en público.
d e g h i m	B1.5. Producción (planificación e execución de textos orais relacionados con algún contido do currículo ou tema de actualidade) adecuada á situación comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC, así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	B1.5. Realizar producións orais planificadas, relacionadas con algún contido do currículo ou tema de actualidade adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión, corrección, coa axuda das TIC así como de elementos non verbais e con control das emocións ao falar en público.	LGB1.5.1. Planifica os seus textos orais e produce discursos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	CAA CCL	Case sempre planifica os seus textos orais e produce discursos coherentes e adecuados, aínda que con algún problema de cohesión.
			LGB1.5.2. Consulta fontes de información diversas e revisa os borradores e esquemas.	CAA	Ás veces consulta fontes de información e revisa os borradores e esquemas.
			LGB1.5.3. Presenta os contidos de forma clara e ordenada e con corrección gramatical, cínguese ao tema e non divaga.	CCL	Case sempre presenta os contidos ordenados e claros, cínguese ao tema, pero hai algúns erros gramaticais.
			LGB1.5.4. Emprega axeitadamente os elementos prosódicos (entoación e pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal (mirada e posición do corpo) así como o autocontrol das emocións ao falar en público.	CCL CSC CSIEE	En xeral, entoa adecuadamente, fai pausas e o seu volume é axeitado. Mira ao auditorio e case sempre consegue controlar as

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
					emocións ao falar en público.
			LGB1.5.5. Exprésase con facilidade e recorre a paráfrases ou circunloquios cando non encontra a expresión precisa.	CCL CSIEE	Exprésase con bastante facilidade e esforzase en buscar alternativas na expresión.
			LGB1.5.6. Utiliza o rexistro adecuado á situación comunicativa.	CCL	Mantén o rexistro adecuado a maior parte do tempo.
			LGB1.5.7. Tenta buscar a complicidade do público e demostra seguridade ao responder as preguntas do auditorio.	CSIEE	Responde ás preguntas do auditorio, pero non sempre con seguridade.
			LGB1.5.8. Emprega as TIC para documentarse bibliograficamente, revisar gramaticalmente o texto e elaborar unha presentación adecuada á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CD CCL CAA	Ás veces emprega as TIC para documentarse e elabora con elas presentacións adecuadas á situación.
e	B1.6. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL	Case sempre produce textos orais espontáneos coherentes e adecuados á situación, pero presentan algunhas incorreccións.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
			LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	CCL	Participa con bastante fluidez nas intervencións espontáneas, coloca ben os pronomes, distingue as 7 vogais, o n velar e o fricativo palatal xordo, pero comete algún erro morfosintáctico
			LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.	CCL	De cando en vez emprega fraseoloxía nas súas intervencións orais espontáneas e procura variar e mellorar o seu léxico.
			LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	CCL	
e g h i	B1.7. Exposición oral de textos expositivos e argumentativos do ámbito educativo e de divulgación científica e cultural.	B1.7. Expor oralmente, con rigor e claridade, un tema especializado de textos do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural.	LGB1.7.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética.	CCL	Desenvolve un tema do currículo con bastante claridade e rigor, aínda que presenta algúns erros gramaticais.
			LGB1.7.2. Emprega léxico preciso e especializado e evita o uso de coloquialismos e palabras comodín.	CCL	Procura empregar un léxico preciso e trata de evitar os coloquialismos e as palabras comodín.
a b	B1.8. Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	B1.8. Participar activa e argumentadamente en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.	LGB1.8.1. Desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.	CCL CAA	Con frecuencia expón argumentos comprensibles,

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
e				CSC	pero non moi convincentes e ás veces comenta as intervencións dos demais.
			LGB1.8.2. Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.	CCL CSC	Case sempre respecta as quendas e as opinións alleas e procura evitar a linguaxe discriminatoria.
a b c e m	B1.9. Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.	B1.9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.	LGB1.9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais.	CCL CSC CSIEE	Desenvólvese eficazmente na maior parte das situacións da vida diaria e de traballo e, ás veces, participa en conversas informais.
b d e	B1.10. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.	B1.10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades expresivas.	LGB1.10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma.	CAA CCL	Con frecuencia recoñece nas súas exposicións e nas alleas, algunhas incoherencias, repeticións, caídas de rexistro, castelanismos ou erros fonéticos.
			LGB1.10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo.	CAA	Ás veces diseña algunha estratexia para mellorar autonomamente

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
e	B1.11. Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	B1.11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega.	CCL CAA	A maior parte das veces recoñece a pronuncia galega correcta, identifica algúns erros nas producións alleas e case sempre produce discursos orais que seguen a prosodia e fonética galegas.
			LGB1.11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega.	CCL CSC	Recoñece e rexeita algúns prexuízos asociados á pronuncia.
			LGB1.11.3. Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	CCL CSC	Se a posúe, usa a súa variante dialectal.
Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir					
b d f h	B2.1. Comprensión e produción de textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial con axuda de estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos.	B2.1. Aplicar estratexias e coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos para interpretar e producir textos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	LGB2.1.1. Sintetiza as ideas fundamentais do texto en resumos, esquemas e mapas conceptuais.	CCL CCA	Recolle a maior parte das ideas dun texto en resumos ou esquemas
			LGB2.1.2. Interpreta o sentido global e identifica a intención comunicativa do emisor en textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.	CCL	Interpreta o sentido global e identifica o propósito da maioría dos textos argumentativos e expositivos.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
			LGB2.1.3. Diferencia as ideas principais e as secundarias e sintetiza o contido de textos expositivos e argumentativos de distintos ámbitos.	CCL	Diferencia a maioría das ideas principais e algunhas secundarias deste tipo de textos e sintetizaos.
			LGB2.1.4. Utiliza recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión dun texto e complementar as súas producións.	CCL CD CAA	Con frecuencia, emprega recursos bibliográficos, audiovisuais e dixitais para facilitar a comprensión do texto.
b f h	B2.2. Planificación, produción e revisión de textos de distintos ámbitos adecuados, coherentes e ben cohesionados; axustados ás normas morfolóxicas e gramaticais e ben presentados.	B2.2. Planificar, producir e revisar textos de distintos ámbitos de uso adecuados á situación e á intención comunicativa, con coherencia, cohesión, corrección gramatical e boa presentación.	LGB2.2.1. Planifica os seus traballos seguindo unha orde predefinida e revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final.	CCL	Case sempre planifica os seus traballos e ás veces revisa o proceso de escritura para mellorar a produción final.
			LGB2.2.2. Produce textos propios de distintos ámbitos usando o rexistro adecuado, organizando os enunciados en secuencias lineais e ben cohesionadas.	CCL CSC	A maior parte das veces usa o rexistro lingüístico axeitado, aínda que pode presentar desviacións. Utiliza distintos mecanismos de cohesión, pero non moi variados.
b d f h	B2.3. Produción de traballos educativos individuais e en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica e cultural.	B2.3. Realizar traballos educativos individuais ou en grupo sobre temas controvertidos do currículo ou de actualidade social, científica ou cultural.	LGB2.3.1. Desenvolve un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical.	CCL	Desenvolve un tema do currículo con bastante claridade e rigor, pero presenta algúns erros ortográficos e

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
					gramaticais.
			LGB2.3.2. Adecúa a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, destinatario, ámbito discursivo e xénero textual) e emprega os recursos expresivos propios do rexistro formal.	CCL	Procura evitar os Coloquialismos e as palabras comodín, trata de usar léxico preciso e incorpora algún termo especializado.
			LGB2.3.3. Emprega léxico preciso e evita o uso de coloquialismos ou palabras comodín.	CCL	
			LGB2.3.4. Organiza os contidos dos seus traballos en función duns obxectivos fixados previamente, contrasta posturas enfrontadas e defende a súa opinión con argumentos.	CCL CSC	Procura organizar os contidos dos traballos segundo os obxectivos e defende a súa opinión con argumentos, aínda que non sempre son sólidos.
d f h	B2.4. Análise e comentario de textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	B2.4. Analizar e comentar textos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial.	LGB2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais de textos expositivos e argumentativos.	CCL	Describe algúns trazos Morfosintácticos dos textos expositivos e argumentativos
			LGB2.4.2. Recoñece e explica a función no texto dos distintos procedementos de cita: estilo directo, estilo indirecto, estilo indirecto libre e cita encuberta.	CCL	Recoñece o estilo directo, o indirecto e o indirecto libre.
b e f	B2.5. Busca e selección de información procedente de fontes bibliográficas e dixitais e posterior organización e revisión das producións cos recursos que ofrecen	B2.5. Extraer información de fontes bibliográficas e dixitais e utilizar as TIC ao longo de todo o proceso de escritura, desde a planificación, organización e produción do texto á súa revisión e corrección final.	LGB2.5.1. Consulta información en fontes bibliográficas e dixitais e compila os datos máis relevantes en fichas-resumo.	CCL CD CAA	Consulta información en fontes dixitais e sintetiza algúns datos relevantes en fichas-resumo



Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
h	as TIC.		LGB2.5.2. Respeita as normas de presentación dos traballos escritos, a organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía.	CCL CD	Respeita as normas básicas de presentación dos textos escritos, a organización en epígrafes e os procedementos de cita.
			LGB2.5.3. Utiliza procesadores de texto e correctores ortográficos para mellorar a presentación e evitar erros ortográficos e tipográficos.	CCL CD	Utiliza procesadores de textos e, algunha vez, correctores ortográficos para mellorar as súas producións.
b f h	B2.6. Descrición das propiedades do texto e análise, nas producións propias e alleas, dos procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión.	B2.6. Describir as propiedades do texto e analizar os procedementos lingüísticos básicos de adecuación, coherencia e cohesión nas producións propias e alleas.	LGB2.6.1. Recoñece, describe e utiliza recursos de cohesión gramaticais e léxico-semánticos.	CCL CAA	Utiliza recursos básicos de cohesión, tanto gramaticais como léxicosemánticos.
			LGB2.6.2. Describe os tipos de rexistro e analiza as súas manifestacións lingüísticas.	CCL CAA	Describe algúns trazos dos tipos de rexistro e analiza algunhas manifestacións lingüísticas.
Bloque 3. Funcionamento da lingua					
e	B3.1. Pronuncia correcta dos fonemas propios do galego e das transformacións fonéticas que se dan nas palabras ao longo da cadea falada.	B3.1. Definir e identificar os fonemas da lingua galega e recoñecer a importancia e o valor das normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.	LGB3.1.1. Define e identifica os fonemas vocálicos e consonánticos da lingua galega.	CCL CAA CCEC	Distingue o grao de abertura das vogais tónicas e define algún fonema consonántico.
			LGB3.1.2. Valora as normas fonéticas como medio para facilitar a comunicación eficaz.	CCL CCEC	Valora as normas fonéticas como medio para

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
					facilitar a comunicación.
d e	B3.2. Coñecemento e explicación das variedades dialectais de Galicia.	B3.2. Coñecer as variedades dialectais, recoñecer e explicar os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas e valorar a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural.	LGB3.2.1. Explica as principais variedades dialectais e valora a diversidade lingüística como parte de noso patrimonio cultural.	CCL CCEC	Distingue, razoadamente, os bloques dialectais e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio.
e	B3.3. Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación.	B3.3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.	LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras. LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica.	CCL CAA CAA CAA	Explica os procedementos de formación de palabras e analiza a estrutura morfolóxica das categorías nominais.
e	B3.4. Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas.	B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.	LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.	CAA	Diferencia entre unidades e funcións sintácticas e recoñece as diferentes estruturas.
e	B3.5. Reflexión e explicación das relacións e unidades semánticas.	B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas.	LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas.	CCL CAA	Identifica e explica as relacións semánticas.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
b e h	B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA CD	Participa en proxectos, procura evitar os estereotipos lingüísticos e valora minimamente a súa competencia plurilingüe.
b e	B3.7. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA	Ás veces utiliza algúns coñecementos lingüísticos para mellorar a comprensión e produción noutras linguas.
Bloque 4. Lingua e sociedade					
p	B4.1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos. B4.2. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.	B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas.	LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos.	CCL CSC	Recoñece algúns estereotipos lingüísticos.
			LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas.	CCL CSC	Eabora traballos nos que se abordan cuestións sociolingüísticas.
h p	B4.3. Construción da variante estándar da lingua galega. B4.4. Interferencias lingüísticas:	B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial	LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega.	CCL	Coñece as fases de elaboración do estándar galego.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
	castelanismos.	atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes elementos.	LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos.	CCL CCEC	Recoñece a maior parte dos castelanismos e produce discursos que tratan de evitalos, aínda que conteñan algúns.
pEstab a	B4.5. Historia da lingua: galego moderno (desde 1916 ata 1978); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística e características lingüísticas.	B4.3. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos.	LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978).	CCL	Distingue algunhas características lingüísticas do galego moderno (desde 1916 ata 1978).
			LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística.	CCL CSC	Describe os trazos xerais da situación sociolingüística do galego entre 1916 e 1978
			LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico.	CCL	Establece unha liña cronolóxica sobre situación sociolingüística entre 1916 e 1978.
			LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua.	CCL CSC	Coñece a importancia da etapa 1916-78 na situación posterior da lingua.
			LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios.	CCL	Identifica o galego moderno en diferentes textos.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
p	B4.6. Historia da lingua: galego moderno (desde 1978 ata a actualidade); contexto histórico e cultural; situación sociolingüística; situación legal e características lingüísticas.	B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua.	LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade).	CCL	Distingue algunhas características lingüísticas do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade).
			LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística.	CCL CSC	Describe os trazos xerais da situación sociolingüística do galego entre desde 1978 ata a actualidade
			LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego.	CCL CSC	
			LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades.	CCL CSC	Sabe que o galego é unha lingua en vías de normalización e sinala algunhas debilidades e fortalezas.
			LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade.	CCL	Identifica en textos algunhas características da lingua desde 1978 ata actualidade.
p	B4.7. Elaboración dunha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	B4.5. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características.	CCL	Elabora un esquema sobre as diferentes etapas e características do galego.
p	B4.8. A evolución da conciencia lingüística.	B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega.	CCL CSC	Coñece algúns elementos da evolución da conciencia

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
					lingüística na historia da lingua galega.
Bloque 5. Educación literaria					
e n	B5.1. Literatura galega de 1916 a 1936: Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	B5.1. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1916 a 1936: Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.	CCL	Identifica textos de Manuel Antonio e explica algúns trazos da súa poesía.
			LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.	CCL	Identifica textos de Otero Pedrayo, Risco e Castelao e describe algún trazo da súa prosa.
			LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós.	CCL	Describe algúns trazos do teatro das Irmandades, o Grupo Nós e as Vangardas.
e d n	B5.2. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Le e comenta textos de Manuel Antonio traballados na clase.
			LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Le e comenta textos de Otero Pedrayo, Risco e Castelao.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
			LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Le e comenta, de xeito guiado, textos dramáticos desde 1916 a 1936.
e n	B5.3. Literatura galega entre 1936 e 1975: Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70. Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.	B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975: Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais. Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70. Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.	LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.	CCL	Describe algúns trazos da poesía do exilio, da Xeración do 36 e da Xeración das Festas Minervais.
			LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70.	CCL	Describe algúns trazos da prosa de Eduardo Blanco-Amor, Cunqueiro, Fole e Neira Vilas, así como da NNG.
			LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.	CCL	Describe algúns trazos do teatro do exilio, da Xeración dos 50 e do Grupo de Ribadavia.
e d n	B5.4. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e	B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Le e comenta textos de Celso Emilio Ferreiro e dos autores da Xeración dos 50.

Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
	sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.		LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Le e comenta textos de Eduardo Blanco -Amor, Cunqueiro, Fole e Neira Vilas, así como da NNG.
			LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Le e comenta textos de Vidal Bolaño.
e n	B5.5. Literatura galega de 1975 ata a actualidade: Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade: Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	CCL	Describe algúns trazos da poesía dos 80 e dos 90
			LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	CCL	Describe algúns temas e tendencias da prosa desde 1975 ata a actualidade.
			LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.	CCL	Describe algúns trazos do teatro dos 80 e dos 90, ademais da situación actual.



Lingua Galega e Literatura. Bacharelato. 2º Curso					
OBX	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución
e d n	B5.6. Lectura e comentario de textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade, identificación das súas características temáticas e formais e relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen.	LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Comenta, de xeito guiado, textos poéticos desde 1975 ata a actualidade.
			LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Comenta, de xeito guiado, textos narrativos desde 1975 ata a actualidade.
			LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico.	CCL	Comenta, de xeito guiado, textos dramáticos desde 1975 ata a actualidade.
e n	B5.7. Análise e comentario, a través de probas escritas ou traballos, cando menos dunha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos.	CCL	Comenta textos representativos de cada un dos períodos anteriores.



### **Metodoloxía didáctica.**

Neste curso 2021/2022, dada a situación especial de pandemia por coronavirus, debemos ter en conta os diferentes escenarios co que nos poderemos atopar, por esta razón, a continuación explícase a metodoloxía específica que se seguirá en cada un dos posible casos:

#### **Modo presencial:**

A metodoloxía será dinámica e participativa: fomentarse o traballo conxunto de todo o grupo-clase baixo a coordinación e orientación do docente. A súa función consistirá, sobre todo, en organizar o traballo do alumnado e fomentar a aprendizaxe por descubrimento, recorrendo só o necesario ás exposicións maxistras e dinamizando o grupo-clase para que en ningún momento caia na pasividade e na recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión.

O método basearase fundamentalmente na lectura, análise, comentario e produción de textos de diversos tipos. Aproveitando o método de ensino unitario da lingua e a literatura, procurarase en ocasións a coincidencia de textos para análise literaria e para análise lingüística; ademais, empregaranse outros textos non literarios para recoñecer e analizar os procesos de construción textual co obxectivo de que o alumnado elabore os seus propios textos conforme eses procedementos construtivos.

#### **Materiais e recursos didácticos.**

Non contaremos neste curso 2021/2022 cun libro de texto de referencia. O docente proporcionará ao alumnado todo o material necesario (apuntamentos, exercicios, textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) e non literarios) para a súa lectura e análise... Todo isto será completado con diverso material en soporte informático: presentacións dixitais, vídeos en DVD ou na Rede, páxinas Web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade, selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.

#### **Modo semipresencial:**

Se neste curso se produce un modo de estudo semipresencial, a metodoloxía utilizada cando o alumnado acuda ás clases será igual que no modo presencial, dándolle prioridade á explicación dos diferentes contidos, á resolución de dúbidas e á corrección de exercicios. Desta forma, as sesións non presenciais serán fundamentalmente para a realización de actividades relacionadas cos contidos vistos na clase.

#### **Modo non presencial**

Se neste curso se produce un modo de estudo non presencial, a comunicación cos alumnos será a través do correo @iesxermanancochea.net, ou plataformas como a aula virtual, informando ao alumnado do medio a utilizar nos primeiros días de permanencia nas casas, así como ás súas familias a través do espazo Abalar. Cada semana mandaráselles unha tarefa, para facer ao longo da semana, que será tida en conta para a avaliación do alumnado. Esa tarefa será revisada polo profesor e as correccións ou aclaracións serán enviadas ao alumno/a, así como a resolución de posibles dúbidas.

### **Proposta de temporalización das unidades.**

A temporalización dos contidos farase tendo en conta o Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. Deste xeito, a temporalización que presentamos é a seguinte:

#### **1ª AVALIACIÓN**

B1: Todos os estándares relacionados coa comunicación oral traballaranse ao longo do curso.

B2: Análise e comentario de textos argumentativos. As propiedades do texto.

B3: Morfoloxía (análise morfolóxica e tipos de morfemas.)

B4: Estereotipos e prexuízos lingüísticos. Historia da normativización: a construción da variedade estándar, interferencias e desviacións da norma.

B5: A literatura galega desde 1916 ata 1936. Irmandades da Fala, Grupo Nós e Vanguardas. Poesía, narrativa e teatro.

#### **2ª AVALIACIÓN.**

B1: IDEM

B2: Análise e e comentario de textos expositivos. Trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais.

B3: Fonética e Fonoloxía. O sistema vocálico e consonántico do galego. Definición de fonemas.

B4: Historia social da lingua desde 1916 ata 1978. Características lingüísticas fundamentais, contexto histórico e situación sociolingüística.

B5: A literatura galega desde 1936 ata 1975. Narrativa, poesía e teatro.

#### **3ª AVALIACIÓN.**

B1: IDEM

B2: Análise e comentario de textos xornalísticos. Trazos morfosintácticos, léxico-semánticos e pragmático-textuais.

B3: Sintaxe: Unidades e funcións sintácticas. O complemento directo e a preposición “a”. As variedades dialectais. Trazos característicos.

B4: Historia social da lingua desde 1978 ata a actualidade. Características lingüísticas fundamentais, contexto histórico e situación sociolingüística.

B5: A literatura galega desde 1975 ata a actualidade. Narrativa, poesía e teatro.

**O departamento de Lingua Castelá e Literatura asume os contidos relacionados coa Semántica e coa Sintaxe, excepto no tocante ás regras sintácticas específicas da lingua galega.**

### **Instrumentos e procedementos de avaliación.**

Dada a situación excepcional de pandemia na que nos encontramos, hai que contemplar tres posibles escenarios: presencial,

semipresencial e non presencial:

#### **Modo presencial.**

A continuación, detállase o sistema de cualificación para a avaliación ordinaria:

<b>A.</b> Probas escritas	60%	
<b>B.</b> Comunicación oral	10%	Exposicións orais, gravacións, etc. (escalas de observación).
<b>C.</b> Traballo diario e uso da lingua galega.	30%	Realización das actividades propostas, traballos, prácticas específicas, comentarios de texto, elaboración de temas, etc.

#### **A. Probas escritas.**

Ao longo de cada trimestre realizaranse dúas probas escritas que recollerán preguntas nas que o alumnado terá que demostrar que sabe e que sabe facer. Estas estarán sempre vinculadas cos criterios de avaliación, concretizados nos estándares de aprendizaxe que se establecen para cada criterio. Estas probas recollerán os contidos dun máximo de dúas unidades; pero si menos. As preguntas das probas levarán todas, ao seu carón, a puntuación. Esta poderase ver mermada polas faltas de ortografía. De feito descontarase 0,02 por erros como:

- ❖ Uso inadecuado de maiúsculas e minúsculas.
- ❖ Confusións entre b, v, h, s, x.
- ❖ Erros de acentuación.
- ❖ Reescribir mal palabras que aparecen nos enunciados.

Por erros máis graves descontarase 0,04. Os casos son:

- ❖ Emprego de grafías alleas ó galego como y ou j.
- ❖ Uso de tempos verbais compostos.
- ❖ Non diferenciación entre parellas de palabras afectadas pola acentuación diacrítica.
- ❖ Colocación do pronome átono ó comezo de oración.

#### **B. Comunicación oral.**

Realizarase unha proba oral por avaliación, de xeito individual ou por parellas, na que o alumnado deberá demostrar que domina a fonética da lingua galega, a corrección gramatical e léxica e que emprega correctamente os recursos da linguaxe xestual. A súa avaliación realizarase mediante rúbrica na que se terán especialmente en conta os seguintes aspectos:

- ❖ Organización do discurso.
- ❖ Coherencia e cohesión.
- ❖ Corrección fonética e morfosintáctica.
- ❖ Léxico sen castelanismos.
- ❖ Entoación, volume e interacción co resto do grupo.
- ❖ Orixinalidade e creatividade.
- ❖ Uso das TICs.

### C. Traballo diario e uso da lingua galega.

Ao longo de todo o curso levarase a cabo unha valoración cualitativa do proceso individual, do traballo diario e da actitude ante o uso oral da lingua. Faremos unha observación directa e diaria e valoraremos positivamente:

- ❖ Seguimento das instrucións dadas polos docentes.
- ❖ Presentación diaria e correcta do caderno de aula.
- ❖ Conservación das fichas que se repartan e que sirvan de apoio e reforzo á aprendizaxe.
- ❖ A corrección dos exercicios e actividades.
- ❖ Aproveitamento diario da clase.
- ❖ A realización de tarefas, no caso de seren marcados.
- ❖ A realización e presentación de calquera traballo ou actividade en tempo e forma.
- ❖ A autonomía e a iniciativa persoal á hora de realizar unha actividade, resolver dúbidas (dicionario, consultas en internet ou en medios bibliográficos).
- ❖ A utilización do galego nas manifestacións espontáneas e de carácter académico.
- ❖ O esforzo por mellorar a pronuncia e ir adquirindo novo vocabulario.
- ❖ O rexeitamento de prexuízos.
- ❖ Respetar o turno de palabra.
- ❖ Ser respectuoso coas opinións e comentarios dos ou das compañeiras.

Con carácter xeral, no caso de que se descubra un alumno ou alumna copiando nalgunha proba ou se detecten plaxios deliberados nos traballos, anularáselle a parte implicada ou a totalidade do exercicio, segundo se considere oportuno, que pasará a computar como un cero para os efectos da avaliación trimestral.

A nota de cada avaliación calcularase sumando as notas de cada un dos instrumentos anteriores debidamente ponderados. Para obter unha cualificación positiva será necesario obter unha nota de 5 puntos ou superior ou no seu defecto redondearase cara a seguinte unidade cando o alumnado obteña unha nota decimal de 0.5 ou superior. A cualificación da avaliación final obterase mediante o cálculo da media aritmética das tres avaliacións, sempre que estean todas aprobadas.

#### **Modo semipresencial:**

A avaliación no modo semipresencial realizarase da mesma forma que o presencial, xa que as probas escritas e orais poderán realizarse nos días que o alumnado se incorpore ás aulas.

#### **Modo non presencial:**

No caso de se suspenderen as sesións presenciais, os criterios de avaliación son os seguintes:

<b>Observación sistemática</b>	<b>20%</b>	❖ Escalas de observación. ❖ Participación nas videoconferencias e entrega de actividades na Aula Virtual.
<b>Probas específicas</b>	<b>80%</b>	
	10	Probas orais: gravacións e vídeos.
	70%	Probas escritas de contido, realización de cuestionarios, probas online, resolución de exercicios, comentarios de texto e elaboración de temas.

### **Recuperacións.**

Non se realizará unha proba de recuperación de contidos ao finalizar cada avaliación. Trátase de contidos progresivos e avaliados de forma continua e non consideramos oportuna esta proba. A finais de curso o **exame final** servirá de proba final para aquel alumnado que, ao facer a media das tres avaliacións, non consegue aprobar. Este exame ponderarase de acordo coa porcentaxe outorgada a esta parte, e dicir, un 60% da cualificación global.

De non poder facerse os exames de forma presencial, realizaranse mediante fichas que teran que facer nun prazo curto de tempo (de 1 ou 2 horas), probas online ou exames realizados usando videoconferencia. Para superar a materia debera acadar un 5. Ao comezo do curso informarase detalladamente ao alumnado sobre estes procedementos e instrumentos de avaliación e mais sobre os criterios de avaliación e de cualificación.

**Procedementos e indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.**

Nas reunións de Departamento realizarase periodicamente un seguimento do desenvolvemento da programación. Para iso teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos como o desenvolvemento das actividades. Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da presente programación didáctica será o final do curso. Para esa avaliación terase en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia programación e, en segundo lugar, valoraranse os resultados globais do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa mesma. Deste proceso avaliativo extraeranse as propostas de modificación e mellora para a programación didáctica do vindeiro curso.

Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente aqueles en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades. Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente así como a propia programación empregaremos as escalas de observación que figuran nas páxinas seguintes.

Se for preciso enviarase ao equipo directivo un informe despois de cada avaliación no que se analice e valore o cumprimento ou non do proceso de ensino e da correcta práctica docente e o da programación didáctica.



AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE	4 (máx.)	3	2	1 (mín.)
1. Presento un plan de traballo explicando a súa finalidade antes da cada UD.				
2. Manteño o interese do alumnado partindo das súas experiencias.				
3. Emprego unha linguaxe clara e precisa.				
4. Comunico a finalidade da aprendizaxe, a súa importancia e funcionalidade e a súa aplicación na vida real.				
5. Achego información dos progresos do alumnado e das dificultades atopadas.				
6. Relaciono os contidos e as actividades cos intereses e coñecementos previos dos discentes.				
7. Facilito a adquisición de novos contidos a través de exemplos, preguntas aclaratorias, sínteses, etc.				
8. Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe e o logro dos obxectivos, habilidades e competencias.				
9. Presento actividades variadas (iniciais, complementarias, de consolidación, recuperación e avaliación).				
10. Existe un equilibrio entre as actividades individuais e os traballos cooperativos.				
11. Distribúo axeitadamente o tempo entre as explicacións e as actividades que se desenvolven na aula.				
12. Emprego diferentes agrupamentos en función do tempo, as actividades e os recursos.				
13. Emprego distintos recursos didácticos tanto para presentar os contidos como para a práctica do alumnado favorecendo o traballo autónomo.				
14. Comprobo que os discentes comprenderon as actividades, prácticas e exercicios que teñen que realizar.				
15. Facilito diferentes estratexias de aprendizaxe: pedir axuda, como buscar información ou resolver casos, dou ánimos e implico a todo o grupo.				
16. Levo un seguimento do traballo dos discentes: novas explicacións, pistas, feedback.				
17. As relacións que establezo co alumnado son correctas, fluídas e non discriminatorias.				
18. Favorezo a elaboración de normas de convivencia e reacciono de forma ecuánime ante situacións conflitivas.				
19. Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos e acepto as súas suxerencias e achegas para mellor a organización da aula e as actividades de ensinanza – aprendizaxe.				
20. Proporciono situacións que favorecen o desenvolvemento afectivo do grupo.				
21. Reviso frecuentemente os contidos, as actividades propostas, os tempos e os agrupamentos.				
22. Propoño novas actividades para o alumnado que non acadou os obxectivos propostos e que faciliten un maior grao de adquisición.				
23. Teño en conta a diversidade presente na aula, adecúo os ritmos de aprendizaxe e adapto o proceso de ensinanza – aprendizaxe ás necesidades individuais.				
24. Coordínome cos departamentos (profesores de apoio, equipos de orientación educativa, etc) para modificar e/ou adaptar os contidos, as actividades e a metodoloxía.				
25. Desenvolvo actividades que favorecen o desenvolvemento integral do alumnado nas sesións de titoría.				

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	4	3	2	1
1. Emprego a programación como fonte de consulta para desenvolver e organizar as aulas?				
2. Realizo unha avaliación inicial correcta para detectar carencias e elaborar un diagnóstico preciso?				
3. Introduzo os cambios necesarios e/ou suxestións dos compañeiros de departamento ou do propio alumnado?				
4. Utilizo as ferramentas axeitadas para avaliar as competencias?				
5. Os estándares, os proxectos e a temporalización adecúanse aos contidos programados?				
6. Emprego unha metodoloxía dinámica e integradora que favoreza o desenvolvemento integral do alumnado?				
7. Informo de xeito preciso dos contidos, obxectivos e métodos de avaliación ao principio de cada unidade didáctica?				
8. As actividades didácticas e os proxectos de investigación deseñados aumentan o grao de coñecementos do alumnado e o desenvolvemento das competencias clave?				
9. As actividades extraescolares e as saídas culturais favorecen ou reforzan os contidos curriculares e as competencias?				
10. As actividades de reforzo están ben deseñadas e cumpren o seu cometido?				
11. Teño presente a diversidade presente na aula e adapto o meu labor docente a estas necesidades especiais ou específicas?				
12. Emprego criterios de corrección xustos e adecuados aos obxectivos establecidos tendo en conta as características xerais e comúns do alumnado?				
13. Emprego as TIC de forma coherente e orientada ao logro das competencias?				
14. O contacto con outros axentes, como a familia, é fluído e correcto?				

### **Consideracións finais sobre os libros de lectura.**

Os libros de lectura obrigatoria que figuran na programación atenden, fundamentalmente, aos intereses do alumnado e á disposición que houber nos fondos da biblioteca do centro ou na Biblioteca Municipal. Esta decisión parte de minimizar o impacto económico que poida ter nas familias do alumnado.

Así mesmo, hai que sinalar que o feito de non apareceren os títulos para as avaliacións restantes responde ao feito de non pecharmos as diferentes alternativas que poidan xurdir en función das novidades editoriais que se produzan no mercado.

Por outra banda, cómpre sinalar que se optou por non asignar unha lectura obrigatoria ao alumnado de 2º de bacharelato debido á carga de traballo e aos prazos que se establezan para realizaren as probas de acceso á universidade.

**A Pobra de Trives, 28 de setembro de 2021**

Gonzalo García Fortes  
Xefe do departamento de Lingua Galega e Literatura.